		XUSTIFICACIÓN O necesario coidado dos fillos e fillas ou persoas en situación de dependencia fai que as familias en moitos casos non poidan optar a traballos con xornadas máis largas e de posiblemente maiores ingresos ou mellores condicións ou nos peores casos non poder optar a un traballo. A situación complexa de conciliar vese agravada se vives no rural xa que os recursos de conciliación son moito menores.	
24	**Pax.42. Artigo 44.1** *Medidas de protección da saúde infantil*	**Modificar.** 1. A Administración autonómica promoverá medidas de prevención para evitar fontes de risco e asegurar o benestar colectivo dos nenos e nenas e o mantemento dun alto nivel de protección da saúde da poboación infantil. **Estas medidas incluirán protección odontolóxica, oftalmolóxica ou calquera outra que implique un gasto extra para as familias.**	
25	**Pax.44. Artigo 45.1** Educación infantil 0 a 3 anos	**Modificar** 1. A Administración autonómica promoverá unha dotación suficiente de prazas de educación infantil 0-3 anos **para garantir a inmediata universalización e gratuidade da mesma** e facer efectivas as posibilidades de acceso de toda a poboación infantil a esta etapa educativa. **XUSTIFICACIÓN feita no Artigo 34.**	
26	**Pax. 45. Artigo 46.2** *Atención das necesidades puntuais de conciliación*	**Modificar:** 2. Para os efectos do previsto no número anterior, (...) ~~**e promoverá o voluntariado dirixido a brindar apoios esporádicos na crianza**~~. **A ditos programas terán acceso prioritario as familias en situación de vulnerabilidade en especial as familias monoparentais.** **XUSTIFICACIÓN** O acceso a un traballo móstrase imposible na maioría das ocasións para as nais monoparentais en situación máis vulnerables, xa que os empregos máis demandados forman parte do ámbito do sector servizos ou pertencen a economía somerxida cos cales é moi complexa a conciliación. É por iso que en moitas ocasións e sobre todo nos primeiros anos da crianza estas nais teñan que optar por non traballar. A imposibilidade de conciliar tamén supón trabas par continuar estudos ou seguirse formando. Non cremos oportuno incluír neste parágrafo a referencia ao voluntariado. Entendemos e valoramos a súa inclusión pero non deste xeito. **Vémolo mais oportuno nun apartado específico do fomento do voluntariado en aspectos como a loita contra a soidade por exemplo.**	
27	**Pax.47. Artigo 50.1** Implicación do sector	**Engadir:** 1. A Administración autonómica desenvolverá, no ámbito da responsabilidade social das empresas, (...). Para estes efectos impulsará a adopción por parte das empresas de medidas de flexibilidade temporal e	

	empresarial	espacial que se adapten aos diversos modelos de familia e **levaranse a cabo formacións relativas á sensibilización en materia de conciliación familiar.**	
28	**PAX.51. Artigo 57. 2** *Formación orientada ao mercado laboral e ás potencialidades do territorio*	**Engadir: 2.** Así mesmo, a Administración autonómica facilitará, no exercicio das súas competencias en materia de xuventude, o acceso a complementos formativos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia como oportunidade para mellorar as capacidades e adquirir novas competencias. **Ademais, caso de estar percibindo algún tipo de complemento formativo na Comunidade Autónoma de Galicia non o deixe de percibir ó cambiar de Comunidade Autónoma.** **XUSTIFICACIÓN** Esta medida garantirá que a persoa non se atope nunha nova situación de vulnerabilidade fora do territorio.	
29	**PAX.51. Artigo 59.1** *Impulso do emprendemento*	**Engadir:** 1. As Administracións Públicas de Galicia, no marco das políticas de fomento empresarial, establecerán incentivos e axudas específicas á mocidade para a creación de empresas ou para o autoemprego, dándolle prioridade ás iniciativas emprendedoras de traballo autónomo e á constitución e agrupación de entidades de economía social. **Estableceranse medidas específicas para a atención á creación de empresas ou o autoemprego no ámbito rural.** **XUSTIFICACIÓN** As posibilidades de construción de emprego e de iniciativas emprendedoras teñen que chegar a tódalas partes de Galicia, potenciar o emprego e a economía do rural fai que este se manteña vivo e que propicie as condicións das persoas para que decidan levar a cabo proxectos vitais.	
30	**PAX.53. Artigo 62.3** *Mellora do saldo migratorio e das taxas de poboación activa*	**Engadir.** 3. Así mesmo, promoverán as condicións socioeconómicas necesarias para a atracción de nova poboación a todo o territorio da Comunidade Autónoma , **favorecendo o acollemento de persoas refuxiadas.** **4. Promoverase de xeito específico o acollemento de persoas inmigrantes no medio rural.** **5. Deberase asegurar que a chegada de poboación migrante impide no futuro saldos negativos de poboación en Galicia.** **XUSTIFICACIÓN** Unha lei de impulso demográfico que pretende aumentar a poboación galega, debe afrontar con valentía a necesidade de favorecer a chegada, acollida e asentamento de novos galegos e galegas de orixe migrante, sobre todo no medio rural, nos mesmas condicións e igualdade de dereitos que o resto de galegos e galegas.	

		Aínda que non se fose máis xente o saldo vexetativo continuaría sendo negativo, por iso é o momento de poñer a funcionar medidas que favorezan o acollemento de moita poboación nova que está as portas de Europa. Este é un traballo que se debe facer conxuntamente cos concellos.	
31	**PAX.54. Artigo 65.** *Igualdade de condicións no acceso a programas e servizos*	**Modificar.** A Administración autonómica facilitará o asentamento das persoas galegas retornadas en igualdade de condicións que o resto da poboación de Galicia. Para estes efectos, eliminará as **(~~eventuais~~)** barreiras no acceso aos programas e servizos da súa competencia. **XUSTIFICACIÓN** O texto "Para estes efectos, eliminará as eventuais barreiras no acceso aos programas e servizos da súa competencia", eliminaríase "eventuais" e deixando só "barreiras" xa que non se considera que ese adxectivo sexa real	
32	**PAX. 54. Artigo 66.1** *Apoio no proceso de retorno*	**Engadir 1**. A Administración autonómica desenvolverá, (...), para conseguir unha plena integración na sociedade galega, desenvolvendo accións específicas de asesoramento sobre o acceso ao emprego, con carácter previo e no momento do seu retorno, **así como establecendo medidas facilitadoras da reagrupación familiar.**	
32b	**Pax.54. Art. 67** Incorporación sistema educativo	**Cambio a Sección 3. Atracción de nova poboación.** **XUSTIFICACIÓN** O que se expresa neste artigo cremos que ten mais sentido nesta sección mais ampla á toda a poboación, e non so referido ao fomento do retorno.	
33	**PAX. 57. Artigo 74.1** *Accesibilidade dos servizos públicos*	**Engadir** 1. As Administracións Públicas de Galicia deseñarán as súas infraestruturas de servizos e de transporte de tal xeito que toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia, teña accesibles os servizos básicos de carácter educativo, sanitario e social. **Prestarase especial atención a que o transporte adaptado tamén chegue a toda a cidadanía non quedando ninguén excluído da súa posibilidade de uso independentemente da súa residencia.** **XUSTIFICACIÓN** Se o transporte entre o medio rural e o urbano xa é complexo, sobre todo en épocas determinadas nas que se reducen as liñas, canto máis o é para persoas con algún tipo de discapacidade ou mobilidade reducida que ven minguadas ata anuladas as súas posibilidades de moverse se viven nun contexto rural ó urbano. E xa non	

		só dende estes ámbitos se non entre cidades, moitas veces a única posibilidade é viaxar en tren e, por exemplo, as liñas entre a provincia de Lugo e o resto de provincias son case inexistentes.	
34	**PAX.58. Artigo 75.1** *Mobilidade*	**Modificar.1.** A Administración autonómica articulará unha rede de transportes e comunicacións que garanta a mobilidade e a conexión **diaria** da poboación permitindo así o pleno desenvolvemento da vida persoal, familiar e profesional en todo o territorio galego. **XUSTIFICACIÓN** A rede de transporte público debe garantir unha atención diaria, hai concellos que en época estival non contan cunha rede diaria, o transporte a demanda se dese cobertura diaria é unha boa fórmula.	
35	**PAX.60. Artigo 79.2** Prazas educativas e recursos de conciliación	**Aclaración e concreción:** Faltaría que se definise o que se entende exactamente por *"limiar mínimo de carácter pedagóxico para constituír unha unidade educativa socializante"* **XUSTIFICACIÓN** Noutras CCAA, con explícita claridade, indícase que pode chegar ata 3 nenos ou nenas durante un tempo transitorio. Non se poden pechar máis escolas nin se poden reducir servizos ou prazas docentes nas escolas do medio rural, entre tanto non se elabore un informe sobre a situación educativa do rural galego, estado da cuestión e necesidades. Do contrario, todo intento de fixar poboación no rural sen os necesarios servizos educativos de calidade non se poderá levar a cabo (sobre todo se pensamos en poboación adulta en idade de traballar, de ter fillos/as, e de compoñer un proxecto vital e familiar no medio rural)	
36	**PAX.60. Artigo 80.** *Estándares de calidade no ensino*	**Engadir.** A consellería competente en materia de educación garantirá que a oferta educativa, acomodada a criterios pedagóxicos, se realice nos concellos de menos de 5.000 habitantes en termos de calidade semellantes aos dos concellos de maior poboación. **Para iso establecerase unha variación nos ratios alumnx/mestrx e se fomentará a estabilidade dos equipos docentes e que estes sexan da zona co fin de mellorar a calidade educativa e promover o mantemento das familias nas escolas rurais.** **XUSTIFICACIÓN** É importante a educación á realidade rural mediante medidas coma: unha mellora da escola, unha variación nas ratios alumnx/mestrx e un fomento da estabilidade dos equipos docentes, xa que é habitual que a practica totalidade das plantillas cambie ano tras ano. Por outra banda o aspecto da calidade educativa é un dos que máis preocupa as familias e é un dos factores de principais de marcha do medio rural e	

		concentración nas cabeceiras de comarca.	
37	**PAX.65. Artigo 93.** *Apoio ao comercio de proximidade*	**Engadir: 3. Promoverase o consumo do produto de proximidade dende a administración pública mediante o emprego de ditos produtos nos servizos de restauración propios da mesma.** **XUSTIFICACIÓN** Con referencia ó pequeno comercio, como é ben sabido este nos últimos anos, froito entre outras cousas de permitir que as grandes superficies se instalaran nos centros das vilas e cidades, foi diminuíndo a pasos axigantados. O control do asentamento das grandes superficies nos centros das vilas é un traballo a executar en conxunto cos concellos. Non consiste en eliminar as posibilides das grandes superficies se non que estas teñan que estar situadas por exemplo nas periferias dando así a oportunidade ó pequeno comercio de ser comercio de a pé. Por outra lado a labor de sensibilización debe ser moi importante. Os servicios de restauración dependentes das administración deberían consumir produto de proximidade, sería un impulso moi importante para as pequenas productoras.	
38	**Pax.69. NOVO ARTIGO 103 Loita contra a soedade**	**Novo Artigo 103. A Administración pública levará a cabo, en colaboración con concellos, deputacións, universidades e entidades de acción social, programas e actuacións de loita contra a soedade das persoas maiores** **XUSTIFICACION** Aínda que se cita puntualmente noutros artigos, dada a gravidade do aumento das persoas soas e as consecuencias negativas para o seu benestar cremos necesario un artigo específico neste senso.	
39	**Pax.70 Disposicion Adicional Terceira** Plan de apoio ás familias monoparentais	**Engadir.** A Xunta de Galicia elaborará no prazo dun ano dende a entrada en vigor desta lei un plan de apoio ás familias monoparentais coa finalidade de mellorar a atención e a cobertura social das súas necesidades. **No prazo de tres meses poñeranse en marcha medidas específicas e urxentes de loita contra a pobreza nestas familias.** **XUSTIFICACION** Como se dixo anteriormente, a gravidade da situación destas familias, nas que un 50% están na pobreza, non permite agardar ao prazo dun ano para completar un plan detallado. Débese comezar cun plan de choque de medidas inmediatas.	
40	**Pax.71 Disposición Derradeira segunda. Tres**	**Modificación e aclaración.** Tres. Engádense dúas novas seccións ao capítulo II do título I, coa seguinte redacción:	

	Modif.Lei 3/2011	"Sección 6ª bis. Familias en situación de especial vulnerabilidade económica Artigo 17 bis Concepto: Para os efectos desta lei, considéranse familias en situación de especial vulnerabilidade económica aquelas que se atopan nunha probada situación de necesidade, como son as perceptoras **ou solicitantes** da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), ~~ou~~ aquelas outras que perciben prestacións ou rendas do traballo que non superen o 125% dos límites equivalentes da RISGA que lles serían de aplicación segundo a composición da unidade de convivencia, **aquelas afectadas, ou en risco de selo por problemáticas de exclusión residencial, ou calquera outra que así sexa identificada dende os Servizos Sociais comunitarios.** **XUSTIFICACION** Recoñecendo como moi positiva a creación desta figura no borrador da Lei, preocúpanos que a súa posta en practica supoña un novo retroceso burocrático para as persoas implicadas, ou que limite as posiblidades de acceso (con límites como o 125% dos equivalentes da RISGA, do que descoñecemos o criterio de cálculo para a súa definición) Unha lei que pretende o benestar demográfico debe asegurar que se identifica e se atende de xeito inmediato as persoas e familias en situación de vulnerabilidade, en especial aquelas con menores ou persoas dependentes a cargo. **Cando o precisen e durante o tempo que o precisen**, evitando trastornos innecesarios.	
41	**Pax.75 Nova Disposición Derradeira** Modif. Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia	Modificaranse aqueles artigos que dificulten a plena inclusión social das familias en situación de pobreza ou exclusión social. **Garantindo radicalmente o interese superior do menor e a loita contra a pobreza infantil**, favorecendo en importes (como o máximo complemento de vivenda) e prioridade (con tramitación abreviada) a aqueles fogares con nenos ou nenas a cargo (ou con persoas en situación de dependencia). Implantarase tamén o establecido na Estratexia de Inclusión Social de Galicia (Páx. 54. 7.1.2) de "*habilitar un procedimiento para o pago anticipado das Axudas de Inclusión Social (AIS) que favoreza a axilización e acceso aos recursos concedidos ás familias con menores, especialmente cando resulten beneficiados/as pola axuda*" **Xustificación** Non se pode perder a oportunidade de aproveitar esta Lei para modificar aqueles aspectos da Lei de	

		Inclusión Social que mais están perxudicando as persoas e familias en pobreza severa, en especial aquelas con nenos e nenas.	

22. De: Sistema de avisos da Xunta de Galicia <nonresponder@xunta.gal>
Enviado: miércoles, 24 de julio de 2019 17:33
Para: Politica Social, Tecnicoxuridico
Asunto: Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión
Mensaxe enviada desde o portal https://transparencia.xunta.gal
Comunicámoslle se recibiu unha nova suxestión cos seguintes datos:
Título da norma: Anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia
Nome e apelidos: XESÚS VILAS OTERO
Entidade á que represento: PLATAFORMA DE ORGANIZACIÓNS DE INFANCIA DE GALICIA
Enderezo: BELVÍS, 2
Código postal: 15703
Provincia: A Coruña
Concello: Santiago de Compostela
Teléfono: 981584266
Fax:
Email: galicia@plataformadeinfancia.org
Data suxestión: 24/07/2019 17:33
Texto suxestión:

Neste formulario enviamos as alegacións de AGAT

Documento de suxestión: ver
axunto *"ALEGACI_NS_ANTEPROXECTO_IMPULSO_DEMOGR_FICO_AGAT.pdf"*
Este correo é só informativo. Por favor non responda a el, xa que a conta desde a que se enviou non está habilitada para recibir mensaxes.

Se necesita información adicional sobre esta notificación ou extravía este correo, pode requirir unha copia das alegacións que se presentaron para esta normativa escribindo a normativa.transparencia@xunta.gal.

CONSIDERACIÓNS

En relación co anteproxecto de lei de impulso demografico:

- Botamos de menos que haxa un capítulo de apoio á crianza como sí existe, por exemplo no Plan Demográfico do Principado de Asturias, que ten un problema de declive demográfico semellante a Galicia.

- No Plan de Asturias (2017-2027) inclúese un Eixe estratéxico 2.2 sobre CRIANZA co seguinte enunciado: *"consolidar y mejorar el sistema de servicios públicos esenciales que constituyen un soporte imprescindible para el apoyo en las labores de crianza en todos los aspectos y edades, tanto en la infancia como en la adolescencia"*

- Á hora de concretar neste apartado sinala dúas prioridades:
  - *"2.2.2.1 Mantener la asistencia sanitaria en edad pediátrica, sobre todo en áreas de zona rural.*
  - *2.2.2.2 Garantizar los recursos financieros para mantener los Centros de Atención Temprana en todo el territorio".*

- **Consideramos básico que un Plan de Impulso Demográfico trate de garantir un itinerario de crianza saudable, seguro e inclusivo.**

- En primeiro lugar, polo ***dereito primordial de todos os nenos e nenas*** en canto que suxeitos activos de dereitos e necesidades (Convención sobre os Dereitos do Neno das Nacións Unidas de 1989[1], CERMI[2]).


- En segundo lugar, se a sociedade quere que se concrete o desexo de ter fillos dos adultos que son potenciais pais e nais, a sociedade debe ofrecerlles ***corresponsabilidade na crianza e perspectivas de***

[1] https://www.un.org/es/events/childrenday/pdf/derechos.pdf
[2] https://www.fundacioncaser.org/sites/default/files/adjuntos/fcaser_actas24_jun2019_2404_damatia.pdf

futuro, incluíndo posibilidades de remediación das circunstancias adversas que poida atravesar ou afrontar o grupo familiar.


- A renovación demográfica non pode circunscribirse ao feito de ter mais fillos, se non tamén por ***aproveitar ao máximo posible a potencialidade de todos os nenos***: facilitar mais tempo de compañía e xogo cos pais, mellorar o seu nivel educativo e de emprego, paliar as desigualdades e dispor de mais medios de saída da pobreza, ter acceso a educación e coidados de calidade, poder superar a prematuridade, a discapacidade, as crises familiares ou circunstancias adversas que a calquera poden afectar,...

- En terceiro lugar, está demostrado que ***os países coas taxas mais altas de fecundidade (***mais próximos a 2 fillos por muller en idade fértil)[3] ***corresponden aos países que ofrecen itinerarios mais seguros de crianza***, que teñen en conta a función afectiva imprescindible dos coidadores principais, a conciliación laboral das familias, a loita contra a desigualdade e a sustentabilidade do sistema de benestar.



[3] https://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php?title=Fertility_statistics

- En cuarto lugar, existen hoxe múltiples evidencias de que inverter na calidade do itinerario de crianza, promovendo unha socialización con relacións enriquecidas, seguridade afectiva, boa nutrición, prevención de enfermidades infecciosas, calidade na educación e os coidados e nas oportunidades de xogo, é fundamental para romper o círculo da pobreza, reducir as desigualdades existentes[4], garantir a saúde física e mental, e o compromiso social dos futuros adultos. A ben coñecida ecuación Heckman amosa que ***non hai inversión mais rendible e con maiores retornos que a inversión na primeira infancia***. [5] (13 a 17 € por € invertido).



- En quinto lugar, trátase de adherirse as liñas estratéxicas da Unión Europea en materia de infancia:

[4] http://www.observatoriodelainfancia.mscbs.gob.es/documentos/PENIA_2013-2016.pdf
[5] Heckman J. La inversión en el desarrollo infantil temprano: Reducir el déficit, fortalecer la economía. La Ecuación de Heckman. www.heckmanequation.org

- A promoción dos permisos dos pais e a corresponsabilidade parental, a xeneralización da Parentalidade Positiva como conxunto de prácticas de crianza que conforman unha contorna estruturada e adecuada de coidados, educación e aseguramento afectivo para todos os nenos e nenas, son temas clave da Recomendación 19 do Comité de Ministros do Consello de Europa en 2006 aos Estados membros sobre políticas de apoio ao exercicio positivo da parentalidade[6]). Procurando que o itinerario infantil quede libre de situacións carenciais, excluíntes ou violentas. Supervisando ou acompañando os procesos de mediación, divorcio, separación, custodia, reconstitución familiar para protexer os dereitos dos nenos. Incorporando, así mesmo, unha perspectiva democrática no reparto de tarefas e responsabilidades de crianza de tod@s @s coidador@s

- A creación de servizos substitutivos de calidade para a conciliación da vida laboral coa crianza, educación e coidado dos fillos e fillas na etapa 0 a 6 anos, e un eixe de actuación prioritario da Unión Europea (Informe da Comisión Europea ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico Social e ao Comité das Rexións de 29 de maio de 2013[7] sobre os obxectivos de Barcelona e os servizos de acollida para os nenos de corta idade).

- A redución da pobreza e as desigualdades das familias e os menores en situacións mais vulnerables mediante o acceso a recursos de apoio, servizos asequibles e de calidade e a participación social é o obxectivo explícito da Recomendación da Comisión de 20 de febreiro de 2013. Inverter na infancia: rachar o ciclo das desvantaxes - 2013/112/UE[8])

---

[6] https://www.mscbs.gob.es/ssi/familiasInfancia/parentalidadPos2012/docs/informeRecomendacion.pdf
[7] http://ec.europa.eu/transparency/regdoc/rep/1/2013/ES/1-2013-322-ES-F1-1.Pdf
[8] https://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2013:059:0005:0016:ES:PDF

- A sustentabilidade do sistema de benestar grazas aos retornos producidos polo incremento do capital humano, a mellora da educación, a produtividade e responsabilidade social dos futuros adultos esta na base do Punto 14 da declaración do G20 de Marzo de 2018 no que se ven de lanzar a iniciativa para o Desenvolvemento da Primeira Infancia[9]

DATOS

Tendo en conta algúns datos da situación de partida de Galicia (moitos recollidos no informe UNICEF, A Infancia en Galicia, 2018)[10]:

- Taxa de fecundidade do 0,99/muller idade fértil
- Taxa de prematuridade, en torno ao 8%
- Taxa de discapacidade en menores de 6 anos en torno ao 2,15%
- Taxa de escolarización-educación infantil < 1 ano (15,9%)
- Taxa de escolarización-educación infantil 1-2 anos (41,4%)
- Taxa de escolarización-educación infantil 2-3 anos (65%)
- Taxa de escolarización- educación infantil 3-4 anos (96,7%)
- 3.261 menores de 18 anos atendidos en Galicia polos sistemas de protección con expedientes de tutela e garda en 2017[11]
- 1.451 nenos 0-17 en acollemento dos que tan só un 53% está en acollemento familiar (106 de 0 a 6 en acollemento residencial)
- En torno a un 10% da poboación infantil de 0 a 6 anos con problemas explícitos no desenvolvemento por diferentes circunstancias biopsicosociais (datos España)[12]
- 34,6% poboación 2-17 con sobrepeso

[9] https://www.unicef.org/argentina/sites/unicef.org.argentina/files/2018-12/Declaracion_de_lideres_G20_Argentina.pdf
[10] https://www.unicef.es/publicacion/la-infancia-en-galicia-2018
[11] http://www.infanciaendatos.es/datos/graficos.htm?area=galicia
[12] http://gat-atenciontemprana.org/wp-content/uploads/2019/05/%C3%A2%C2%81%C2%AE-La-visi%C3%B3n-de-los-profesionales.pdf

- 14,4% da poboación de 18-24 en abandono escolar precoz
- 27% da poboación galega menor de 18 anos en risco de pobreza e exclusión[13]
- Taxa de paro 16-24 anos do 48,5%[14]

PROPOSTAS

Propoñemos que na Lei de Impulso Demográfico exista UN EIXO ESTRATÉXICO dirixido á CRIANZA, a garantir unhas prácticas e itinerarios de crianza con seguridade afectiva, nutrición adecuada, protección sanitaria e ambiental, boa educación, coidados e oportunidades de xogo e socialización cos iguais.

Sen ánimo de ser exhaustivos, entre outras medidas e referido aos servizos de apoio á crianza na etapa 0-6, etapa na que AGAT desenvolve a súa actividade propoñeriamos:

1. Incluír a transcendencia e claves da crianza no currículo de Bacharelato
2. Cobertura sanitaria universal e impulso das políticas de prevención primaria, especificamente da prematuridade e risco psicosocial.
3. Xeneralización das prácticas de coidados no desenvolvemento na contorna perinatal.
4. Cobertura universal da consulta de Pediatría de atención primaria, afondando na formación dos profesionais en desenvolvemento infantil e criterios de detección e diagnóstico precoz dos problemas evolutivos

[13] https://www.eapn.es/estadodepobreza/ARCHIVO/documentos/Informe_AROPE_2018.pdf
[14] Documentación Xunta de Galicia. Borrrador Plan Estratéxico de Galicia

5. Tranversalidade e universalización dos programas comunitarios de visita postnatal e Parentalidade Positiva dende o embarazo ata os 2 anos de idade.
6. Alcance universal e suficiente dos servizos comunitarios da Rede galega de Atención Temperá co obxectivo de protexer ao 10% da infancia en situación de vulnerabilidade evolutiva.
7. Programa integral de apoios as familias con menores en situacións vulnerables: pobreza, discapacidade, exclusión étnica, inmigración, etc. Renda mínima, eliminación barreiras físicas e actitudinais.
8. Fortalecer o acompañamento familiar nos programas de Adopción e Acollemento, ningún neno 0-6 en situación de desprotección nin en acollemento residencial.
9. Consideración da etapa 0-6 a tódolos efectos como unha etapa crítica e fundamental para as relacións, os coidados e a educación, ao mesmo nivel, sendo o seu aspecto axial garantir relacións axeitadas, aseguramento afectivo e progreso no desenvolvemento persoal. Evitar a simplificación da etapa 0-6 como etapa "educativa" fronte a etapa de "coidados". Políticas socioeducativas integrais "Educare".
10. Dereito a un mínimo de horas de coidado substitutivo de calidade en centro ou a domicilio. Promoción do modelo de Casas Niño na contorna rural e a figura dos "Childminders" noutras contornas, con formación cualificada mínima (Ciclo Superior FP).
11. Ao tempo, deixar de promover e non autorizar coidados substitutivos baseados na conciliación laboral pero non nos intereses dos nenos (exemplos: non promover garderías en polígonos industriais, mellorar as ratios de coidadores ata 1/5 na etapa 0-2; suprimir a disposición derradeira primeira deste anteproxecto que facilita o coidado substitutivo dos nenos por persoal pouco cualificado e incluso sen titulación algunha).
12. Facilitar a formación de calidade e a estabilidade no persoal que actúa como coidador principal e/ou substitutivo dos nenos,

evitando a precariedade, a discontinuidade e/ou a rotación continua.

13. Revalorizar a importancia da primeira infancia e do doméstico, dos coidados, dos espazos e dos tempos compartidos sen finalidade explicitamente "educativa", nomeadamente do xogo espontáneo e libre na etapa 0-6, baixo a ollada dos adultos de referencia.
14. Reforma, actualización e coordinación dos servizos que actúan no marco da primeira infancia 0-6, tendo en conta as características evolutivas singulares desta etapa

Asinado

Jaime Ponte
Presidente AGAT

Firmado por PONTE MIELEBRUN JAIME ALEJANDRO - 27403025G el día 22/07/2019 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios


agat

CONSIDERACIÓNS

En relación co anteproxecto de lei de impulso demografico:

- Botamos de menos que haxa un capítulo de apoio á crianza como sí existe, por exemplo no Plan Demográfico do Principado de Asturias, que ten un problema de declive demográfico semellante a Galicia.

- No Plan de Asturias (2017-2027) inclúese un Eixe estratéxico 2.2 sobre CRIANZA co seguinte enunciado: *"consolidar y mejorar el sistema de servicios públicos esenciales que constituyen un soporte imprescindible para el apoyo en las labores de crianza en todos los aspectos y edades, tanto en la infancia como en la adolescencia"*

- Á hora de concretar neste apartado sinala dúas prioridades:
  - *"2.2.2.1 Mantener la asistencia sanitaria en edad pediátrica, sobre todo en áreas de zona rural.*
  - *2.2.2.2 Garantizar los recursos financieros para mantener los Centros de Atención Temprana en todo el territorio".*

- **Consideramos básico que un Plan de Impulso Demográfico trate de garantir un itinerario de crianza saudable, seguro e inclusivo.**

- En primeiro lugar, polo ***dereito primordial de todos os nenos e nenas*** en canto que suxeitos activos de dereitos e necesidades (Convención sobre os Dereitos do Neno das Nacións Unidas de 1989[1], CERMI[2]).


- En segundo lugar, se a sociedade quere que se concrete o desexo de ter fillos dos adultos que son potenciais pais e nais, a sociedade debe ofrecerlles ***corresponsabilidade na crianza e perspectivas de***

[1] https://www.un.org/es/events/childrenday/pdf/derechos.pdf
[2] https://www.fundacioncaser.org/sites/default/files/adjuntos/fcaser_actas24_jun2019_2404_damatia.pdf

futuro, incluíndo posibilidades de remediación das circunstancias adversas que poida atravesar ou afrontar o grupo familiar.


- A renovación demográfica non pode circunscribirse ao feito de ter mais fillos, se non tamén por ***aproveitar ao máximo posible a potencialidade de todos os nenos***: facilitar mais tempo de compañía e xogo cos pais, mellorar o seu nivel educativo e de emprego, paliar as desigualdades e dispor de mais medios de saída da pobreza, ter acceso a educación e coidados de calidade, poder superar a prematuridade, a discapacidade, as crises familiares ou circunstancias adversas que a calquera poden afectar,...

- En terceiro lugar, está demostrado que ***os países coas taxas mais altas de fecundidade (***mais próximos a 2 fillos por muller en idade fértil)[3] ***corresponden aos países que ofrecen itinerarios mais seguros de crianza***, que teñen en conta a función afectiva imprescindible dos coidadores principais, a conciliación laboral das familias, a loita contra a desigualdade e a sustentabilidade do sistema de benestar.



[3] https://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php?title=Fertility_statistics

- En cuarto lugar, existen hoxe múltiples evidencias de que inverter na calidade do itinerario de crianza, promovendo unha socialización con relacións enriquecidas, seguridade afectiva, boa nutrición, prevención de enfermidades infecciosas, calidade na educación e os coidados e nas oportunidades de xogo, é fundamental para romper o círculo da pobreza, reducir as desigualdades existentes[4], garantir a saúde física e mental, e o compromiso social dos futuros adultos. A ben coñecida ecuación Heckman amosa que ***non hai inversión mais rendible e con maiores retornos que a inversión na primeira infancia***. [5] (13 a 17 € por € invertido).



- En quinto lugar, trátase de adherirse as liñas estratéxicas da Unión Europea en materia de infancia:

[4] http://www.observatoriodelainfancia.mscbs.gob.es/documentos/PENIA_2013-2016.pdf
[5] Heckman J. La inversión en el desarrollo infantil temprano: Reducir el déficit, fortalecer la economía. La Ecuación de Heckman. www.heckmanequation.org

- A promoción dos permisos dos pais e a corresponsabilidade parental, a xeneralización da Parentalidade Positiva como conxunto de prácticas de crianza que conforman unha contorna estruturada e adecuada de coidados, educación e aseguramento afectivo para todos os nenos e nenas, son temas clave da Recomendación 19 do Comité de Ministros do Consello de Europa en 2006 aos Estados membros sobre políticas de apoio ao exercicio positivo da parentalidade[6]). Procurando que o itinerario infantil quede libre de situacións carenciais, excluíntes ou violentas. Supervisando ou acompañando os procesos de mediación, divorcio, separación, custodia, reconstitución familiar para protexer os dereitos dos nenos. Incorporando, así mesmo, unha perspectiva democrática no reparto de tarefas e responsabilidades de crianza de tod@s @s coidador@s

- A creación de servizos substitutivos de calidade para a conciliación da vida laboral coa crianza, educación e coidado dos fillos e fillas na etapa 0 a 6 anos, e un eixe de actuación prioritario da Unión Europea (Informe da Comisión Europea ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico Social e ao Comité das Rexións de 29 de maio de 2013[7] sobre os obxectivos de Barcelona e os servizos de acollida para os nenos de corta idade).

- A redución da pobreza e as desigualdades das familias e os menores en situacións mais vulnerables mediante o acceso a recursos de apoio, servizos asequibles e de calidade e a participación social é o obxectivo explícito da Recomendación da Comisión de 20 de febreiro de 2013. Inverter na infancia: rachar o ciclo das desvantaxes - 2013/112/UE[8])

---

[6] https://www.mscbs.gob.es/ssi/familiasInfancia/parentalidadPos2012/docs/informeRecomendacion.pdf
[7] http://ec.europa.eu/transparency/regdoc/rep/1/2013/ES/1-2013-322-ES-F1-1.Pdf
[8] https://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2013:059:0005:0016:ES:PDF

- A sustentabilidade do sistema de benestar grazas aos retornos producidos polo incremento do capital humano, a mellora da educación, a produtividade e responsabilidade social dos futuros adultos esta na base do Punto 14 da declaración do G20 de Marzo de 2018 no que se ven de lanzar a iniciativa para o Desenvolvemento da Primeira Infancia[9]

DATOS

Tendo en conta algúns datos da situación de partida de Galicia (moitos recollidos no informe UNICEF, A Infancia en Galicia, 2018)[10]:

- Taxa de fecundidade do 0,99/muller idade fértil
- Taxa de prematuridade, en torno ao 8%
- Taxa de discapacidade en menores de 6 anos en torno ao 2,15%
- Taxa de escolarización-educación infantil < 1 ano (15,9%)
- Taxa de escolarización-educación infantil 1-2 anos (41,4%)
- Taxa de escolarización-educación infantil 2-3 anos (65%)
- Taxa de escolarización- educación infantil 3-4 anos (96,7%)
- 3.261 menores de 18 anos atendidos en Galicia polos sistemas de protección con expedientes de tutela e garda en 2017[11]
- 1.451 nenos 0-17 en acollemento dos que tan só un 53% está en acollemento familiar (106 de 0 a 6 en acollemento residencial)
- En torno a un 10% da poboación infantil de 0 a 6 anos con problemas explícitos no desenvolvemento por diferentes circunstancias biopsicosociais (datos España)[12]
- 34,6% poboación 2-17 con sobrepeso

[9] https://www.unicef.org/argentina/sites/unicef.org.argentina/files/2018-12/Declaracion_de_lideres_G20_Argentina.pdf
[10] https://www.unicef.es/publicacion/la-infancia-en-galicia-2018
[11] http://www.infanciaendatos.es/datos/graficos.htm?area=galicia
[12] http://gat-atenciontemprana.org/wp-content/uploads/2019/05/%C3%A2%C2%81%C2%AE-La-visi%C3%B3n-de-los-profesionales.pdf

- 14,4% da poboación de 18-24 en abandono escolar precoz
- 27% da poboación galega menor de 18 anos en risco de pobreza e exclusión[13]
- Taxa de paro 16-24 anos do 48,5%[14]

PROPOSTAS

Propoñemos que na Lei de Impulso Demográfico exista UN EIXO ESTRATÉXICO dirixido á CRIANZA, a garantir unhas prácticas e itinerarios de crianza con seguridade afectiva, nutrición adecuada, protección sanitaria e ambiental, boa educación, coidados e oportunidades de xogo e socialización cos iguais.

Sen ánimo de ser exhaustivos, entre outras medidas e referido aos servizos de apoio á crianza na etapa 0-6, etapa na que AGAT desenvolve a súa actividade propoñeriamos:

1. Incluír a transcendencia e claves da crianza no currículo de Bacharelato
2. Cobertura sanitaria universal e impulso das políticas de prevención primaria, especificamente da prematuridade e risco psicosocial.
3. Xeneralización das prácticas de coidados no desenvolvemento na contorna perinatal.
4. Cobertura universal da consulta de Pediatría de atención primaria, afondando na formación dos profesionais en desenvolvemento infantil e criterios de detección e diagnóstico precoz dos problemas evolutivos

[13] https://www.eapn.es/estadodepobreza/ARCHIVO/documentos/informe_AROPE_2018.pdf
[14] Documentación Xunta de Galicia. Borrrador Plan Estratéxico de Galicia

5. Tranversalidade e universalización dos programas comunitarios de visita postnatal e Parentalidade Positiva dende o embarazo ata os 2 anos de idade.
6. Alcance universal e suficiente dos servizos comunitarios da Rede galega de Atención Temperá co obxectivo de protexer ao 10% da infancia en situación de vulnerabilidade evolutiva.
7. Programa integral de apoios as familias con menores en situacións vulnerables: pobreza, discapacidade, exclusión étnica, inmigración, etc. Renda mínima, eliminación barreiras físicas e actitudinais.
8. Fortalecer o acompañamento familiar nos programas de Adopción e Acollemento, ningún neno 0-6 en situación de desprotección nin en acollemento residencial.
9. Consideración da etapa 0-6 a tódolos efectos como unha etapa crítica e fundamental para as relacións, os coidados e a educación, ao mesmo nivel, sendo o seu aspecto axial garantir relacións axeitadas, aseguramento afectivo e progreso no desenvolvemento persoal. Evitar a simplificación da etapa 0-6 como etapa "educativa" fronte a etapa de "coidados". Políticas socioeducativas integrais "Educare".
10. Dereito a un mínimo de horas de coidado substitutivo de calidade en centro ou a domicilio. Promoción do modelo de Casas Niño na contorna rural e a figura dos "Childminders" noutras contornas, con formación cualificada mínima (Ciclo Superior FP).
11. Ao tempo, deixar de promover e non autorizar coidados substitutivos baseados na conciliación laboral pero non nos intereses dos nenos (exemplos: non promover garderías en polígonos industriais, mellorar as ratios de coidadores ata 1/5 na etapa 0-2; suprimir a disposición derradeira primeira deste anteproxecto que facilita o coidado substitutivo dos nenos por persoal pouco cualificado e incluso sen titulación algunha).
12. Facilitar a formación de calidade e a estabilidade no persoal que actúa como coidador principal e/ou substitutivo dos nenos,

evitando a precariedade, a discontinuidade e/ou a rotación continua.

13. Revalorizar a importancia da primeira infancia e do doméstico, dos coidados, dos espazos e dos tempos compartidos sen finalidade explicitamente "educativa", nomeadamente do xogo espontáneo e libre na etapa 0-6, baixo a ollada dos adultos de referencia.
14. Reforma, actualización e coordinación dos servizos que actúan no marco da primeira infancia 0-6, tendo en conta as características evolutivas singulares desta etapa

Asinado

Jaime Ponte
Presidente AGAT

Firmado por PONTE MITELBRUN JAIME ALEJANDRO - 32403025G el día 22/07/2019 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios

23. De: Sistema de avisos da Xunta de Galicia <nonresponder@xunta.gal>
Enviado: miércoles, 24 de julio de 2019 17:27
Para: Politica Social, Tecnicoxuridico
Asunto: Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión
Mensaxe enviada desde o portal
Comunicámoslle se recibiu unha nova suxestión cos https://transparencia.xunta.galseguintes datos:
Título da norma: Anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia
Nome e apelidos: XESÚS VILAS OTERO
Entidade á que represento: PLATAFORMA DE ORGANIZACIÓNS DE INFANCIA DE GALICIA
Enderezo: BELVÍS, 2
Código postal: 15703
Provincia:
Concello:
Teléfono: 981584266
Fax:
Email: galicia@plataformadeinfancia.org
Data suxestión: 24/07/2019 17:27
Texto suxestión:

Neste formulario se envían as aportacións da FUNDACIÓN MENIÑOS

(no consta entrada de archivo)
Este correo é só informativo. Por favor non responda a el, xa que a conta desde a que se enviou non está habilitada para recibir mensaxes.

Se necesita información adicional sobre esta notificación ou extravía este correo, pode requirir unha copia das alegacións que se presentaron para esta normativa escribindo a normativa.transparencia@xunta.gal.

24. De: Sistema de avisos da Xunta de Galicia <nonresponder@xunta.gal>
Enviado: miércoles, 24 de julio de 2019 17:21
Para: Politica Social, Tecnicoxuridico
Asunto: Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión
Mensaxe enviada desde o portal https://transparencia.xunta.gal
Comunicámoslle se recibiu unha nova suxestión cos seguintes datos:
Título da norma: Anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia
Nome e apelidos: XESÚS VILAS OTERO
Entidade á que represento: PLATAFORMA DE ORGANIZACIÓNS DE INFANCIA DE GALICIA
Enderezo: BELVÍS, 2
Código postal: 15703
Provincia:
Concello:
Teléfono: 981582243
Fax:
Email: galicia@plataformadeinfancia.org
Data suxestión: 24/07/2019 17:21
Texto suxestión:

Tras difundir o texto do anteproxecto entre as entidades da Plataforma de Infancia de Galicia, aportamos dous documentos con alegacións ao antreproxecto de lei.

Un é da Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) e a outro é da Fundación Meniños.

Documento de suxestión: ver
axunto *"ALEGACI_NS_ANTEPROXECTO_IMPULSO_DEMOGR_FICO_AGAT.pdf"*
Este correo é só informativo. Por favor non responda a el, xa que a conta desde a que se enviou non está habilitada para recibir mensaxes.

Se necesita información adicional sobre esta notificación ou extravía este correo, pode requirir unha copia das alegacións que se presentaron para esta normativa escribindo a normativa.transparencia@xunta.gal.

CONSIDERACIÓNS

En relación co anteproxecto de lei de impulso demografico:

- Botamos de menos que haxa un capítulo de apoio á crianza como sí existe, por exemplo no Plan Demográfico do Principado de Asturias, que ten un problema de declive demográfico semellante a Galicia.

- No Plan de Asturias (2017-2027) inclúese un Eixe estratéxico 2.2 sobre CRIANZA co seguinte enunciado: *"consolidar y mejorar el sistema de servicios públicos esenciales que constituyen un soporte imprescindible para el apoyo en las labores de crianza en todos los aspectos y edades, tanto en la infancia como en la adolescencia"*

- Á hora de concretar neste apartado sinala dúas prioridades:
  - *"2.2.2.1 Mantener la asistencia sanitaria en edad pediátrica, sobre todo en áreas de zona rural.*
  - *2.2.2.2 Garantizar los recursos financieros para mantener los Centros de Atención Temprana en todo el territorio".*

- **Consideramos básico que un Plan de Impulso Demográfico trate de garantir un itinerario de crianza saudable, seguro e inclusivo.**

- En primeiro lugar, polo ***dereito primordial de todos os nenos e nenas*** en canto que suxeitos activos de dereitos e necesidades (Convención sobre os Dereitos do Neno das Nacións Unidas de 1989[1], CERMI[2]).


- En segundo lugar, se a sociedade quere que se concrete o desexo de ter fillos dos adultos que son potenciais pais e nais, a sociedade debe ofrecerlles ***corresponsabilidade na crianza e perspectivas de***

[1] https://www.un.org/es/events/childrenday/pdf/derechos.pdf
[2] https://www.fundacioncaser.org/sites/default/files/adjuntos/fcaser_actas24_jun2019_2404_damatia.pdf

futuro, incluíndo posibilidades de remediación das circunstancias adversas que poida atravesar ou afrontar o grupo familiar.


- A renovación demográfica non pode circunscribirse ao feito de ter mais fillos, se non tamén por ***aproveitar ao máximo posible a potencialidade de todos os nenos***: facilitar mais tempo de compañía e xogo cos pais, mellorar o seu nivel educativo e de emprego, paliar as desigualdades e dispor de mais medios de saída da pobreza, ter acceso a educación e coidados de calidade, poder superar a prematuridade, a discapacidade, as crises familiares ou circunstancias adversas que a calquera poden afectar,...

- En terceiro lugar, está demostrado que ***os países coas taxas mais altas de fecundidade (***mais próximos a 2 fillos por muller en idade fértil)[3] ***corresponden aos países que ofrecen itinerarios mais seguros de crianza***, que teñen en conta a función afectiva imprescindible dos coidadores principais, a conciliación laboral das familias, a loita contra a desigualdade e a sustentabilidade do sistema de benestar.



[3] https://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php?title=Fertility_statistics

- En cuarto lugar, existen hoxe múltiples evidencias de que inverter na calidade do itinerario de crianza, promovendo unha socialización con relacións enriquecidas, seguridade afectiva, boa nutrición, prevención de enfermidades infecciosas, calidade na educación e os coidados e nas oportunidades de xogo, é fundamental para romper o círculo da pobreza, reducir as desigualdades existentes[4], garantir a saúde física e mental, e o compromiso social dos futuros adultos. A ben coñecida ecuación Heckman amosa que ***non hai inversión mais rendible e con maiores retornos que a inversión na primeira infancia***. [5] (13 a 17 € por € invertido).



- En quinto lugar, trátase de adherirse as liñas estratéxicas da Unión Europea en materia de infancia:

[4] http://www.observatoriodelainfancia.mscbs.gob.es/documentos/PENIA_2013-2016.pdf
[5] Heckman J. La inversión en el desarrollo infantil temprano: Reducir el déficit, fortalecer la economía. La Ecuación de Heckman. www.heckmanequation.org

- A promoción dos permisos dos pais e a corresponsabilidade parental, a xeneralización da Parentalidade Positiva como conxunto de prácticas de crianza que conforman unha contorna estruturada e adecuada de coidados, educación e aseguramento afectivo para todos os nenos e nenas, son temas clave da Recomendación 19 do Comité de Ministros do Consello de Europa en 2006 aos Estados membros sobre políticas de apoio ao exercicio positivo da parentalidade[6]). Procurando que o itinerario infantil quede libre de situacións carenciais, excluíntes ou violentas. Supervisando ou acompañando os procesos de mediación, divorcio, separación, custodia, reconstitución familiar para protexer os dereitos dos nenos. Incorporando, así mesmo, unha perspectiva democrática no reparto de tarefas e responsabilidades de crianza de tod@s @s coidador@s

- A creación de servizos substitutivos de calidade para a conciliación da vida laboral coa crianza, educación e coidado dos fillos e fillas na etapa 0 a 6 anos, e un eixe de actuación prioritario da Unión Europea (Informe da Comisión Europea ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico Social e ao Comité das Rexións de 29 de maio de 2013[7] sobre os obxectivos de Barcelona e os servizos de acollida para os nenos de corta idade).

- A redución da pobreza e as desigualdades das familias e os menores en situacións mais vulnerables mediante o acceso a recursos de apoio, servizos asequibles e de calidade e a participación social é o obxectivo explícito da Recomendación da Comisión de 20 de febreiro de 2013. Inverter na infancia: rachar o ciclo das desvantaxes - 2013/112/UE[8])

---

[6] https://www.mscbs.gob.es/ssi/familiasInfancia/parentalidadPos2012/docs/informeRecomendacion.pdf
[7] http://ec.europa.eu/transparency/regdoc/rep/1/2013/ES/1-2013-322-ES-F1-1.Pdf
[8] https://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2013:059:0005:0016:ES:PDF

- A sustentabilidade do sistema de benestar grazas aos retornos producidos polo incremento do capital humano, a mellora da educación, a produtividade e responsabilidade social dos futuros adultos esta na base do Punto 14 da declaración do G20 de Marzo de 2018 no que se ven de lanzar a iniciativa para o Desenvolvemento da Primeira Infancia[9]

DATOS

Tendo en conta algúns datos da situación de partida de Galicia (moitos recollidos no informe UNICEF, A Infancia en Galicia, 2018)[10]:

- Taxa de fecundidade do 0,99/muller idade fértil
- Taxa de prematuridade, en torno ao 8%
- Taxa de discapacidade en menores de 6 anos en torno ao 2,15%
- Taxa de escolarización-educación infantil < 1 ano (15,9%)
- Taxa de escolarización-educación infantil 1-2 anos (41,4%)
- Taxa de escolarización-educación infantil 2-3 anos (65%)
- Taxa de escolarización- educación infantil 3-4 anos (96,7%)
- 3.261 menores de 18 anos atendidos en Galicia polos sistemas de protección con expedientes de tutela e garda en 2017[11]
- 1.451 nenos 0-17 en acollemento dos que tan só un 53% está en acollemento familiar (106 de 0 a 6 en acollemento residencial)
- En torno a un 10% da poboación infantil de 0 a 6 anos con problemas explícitos no desenvolvemento por diferentes circunstancias biopsicosociais (datos España)[12]
- 34,6% poboación 2-17 con sobrepeso

[9] https://www.unicef.org/argentina/sites/unicef.org.argentina/files/2018-12/Declaracion_de_lideres_G20_Argentina.pdf
[10] https://www.unicef.es/publicacion/la-infancia-en-galicia-2018
[11] http://www.infanciaendatos.es/datos/graficos.htm?area=galicia
[12] http://gat-atenciontemprana.org/wp-content/uploads/2019/05/%C3%A2%C2%81%C2%AE-La-visi%C3%B3n-de-los-profesionales.pdf

- 14,4% da poboación de 18-24 en abandono escolar precoz
- 27% da poboación galega menor de 18 anos en risco de pobreza e exclusión[13]
- Taxa de paro 16-24 anos do 48,5%[14]

PROPOSTAS

Propoñemos que na Lei de Impulso Demográfico exista UN EIXO ESTRATÉXICO dirixido á CRIANZA, a garantir unhas prácticas e itinerarios de crianza con seguridade afectiva, nutrición adecuada, protección sanitaria e ambiental, boa educación, coidados e oportunidades de xogo e socialización cos iguais.

Sen ánimo de ser exhaustivos, entre outras medidas e referido aos servizos de apoio á crianza na etapa 0-6, etapa na que AGAT desenvolve a súa actividade propoñeriamos:

1. Incluír a transcendencia e claves da crianza no currículo de Bacharelato
2. Cobertura sanitaria universal e impulso das políticas de prevención primaria, especificamente da prematuridade e risco psicosocial.
3. Xeneralización das prácticas de coidados no desenvolvemento na contorna perinatal.
4. Cobertura universal da consulta de Pediatría de atención primaria, afondando na formación dos profesionais en desenvolvemento infantil e criterios de detección e diagnóstico precoz dos problemas evolutivos

[13] https://www.eapn.es/estadodepobreza/ARCHIVO/documentos/Informe_AROPE_2018.pdf
[14] Documentación Xunta de Galicia. Borrrador Plan Estratéxico de Galicia

5. Tranversalidade e universalización dos programas comunitarios de visita postnatal e Parentalidade Positiva dende o embarazo ata os 2 anos de idade.
6. Alcance universal e suficiente dos servizos comunitarios da Rede galega de Atención Temperá co obxectivo de protexer ao 10% da infancia en situación de vulnerabilidade evolutiva.
7. Programa integral de apoios as familias con menores en situacións vulnerables: pobreza, discapacidade, exclusión étnica, inmigración, etc. Renda mínima, eliminación barreiras físicas e actitudinais.
8. Fortalecer o acompañamento familiar nos programas de Adopción e Acollemento, ningún neno 0-6 en situación de desprotección nin en acollemento residencial.
9. Consideración da etapa 0-6 a tódolos efectos como unha etapa crítica e fundamental para as relacións, os coidados e a educación, ao mesmo nivel, sendo o seu aspecto axial garantir relacións axeitadas, aseguramento afectivo e progreso no desenvolvemento persoal. Evitar a simplificación da etapa 0-6 como etapa "educativa" fronte a etapa de "coidados". Políticas socioeducativas integrais "Educare".
10. Dereito a un mínimo de horas de coidado substitutivo de calidade en centro ou a domicilio. Promoción do modelo de Casas Niño na contorna rural e a figura dos "Childminders" noutras contornas, con formación cualificada mínima (Ciclo Superior FP).
11. Ao tempo, deixar de promover e non autorizar coidados substitutivos baseados na conciliación laboral pero non nos intereses dos nenos (exemplos: non promover garderías en polígonos industriais, mellorar as ratios de coidadores ata 1/5 na etapa 0-2; suprimir a disposición derradeira primeira deste anteproxecto que facilita o coidado substitutivo dos nenos por persoal pouco cualificado e incluso sen titulación algunha).
12. Facilitar a formación de calidade e a estabilidade no persoal que actúa como coidador principal e/ou substitutivo dos nenos,

evitando a precariedade, a discontinuidade e/ou a rotación continua.

13. Revalorizar a importancia da primeira infancia e do doméstico, dos coidados, dos espazos e dos tempos compartidos sen finalidade explicitamente "educativa", nomeadamente do xogo espontáneo e libre na etapa 0-6, baixo a ollada dos adultos de referencia.
14. Reforma, actualización e coordinación dos servizos que actúan no marco da primeira infancia 0-6, tendo en conta as características evolutivas singulares desta etapa

Asinado

Jaime Ponte
Presidente AGAT

Firmado por PONTE MIELEBRUN JAIME ALEJANDRO - 32403025G el día 22/07/2019 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios


agat

25. De: Sistema de avisos da Xunta de Galicia <nonresponder@xunta.gal>
Enviado: miércoles, 24 de julio de 2019 16:36
Para: Politica Social, Tecnicoxuridico
Asunto: Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión
Mensaxe enviada desde o portal https://transparencia.xunta.gal
Comunicámoslle se recibiu unha nova suxestión cos seguintes datos:
Título da norma: Anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia
Nome e apelidos: José Antonio Neira Cortés
Entidade á que represento: Confederación de Empresarios de Galicia
Enderezo: Rúa do Vilar 54.
Código postal: 15705
Provincia:
Concello:
Teléfono: 981555888
Fax: 981555882
Email: janeira@ceg.es
Data suxestión: 24/07/2019 16:36
Texto suxestión:

Texto anexo

Documento de suxestión: ver axunto *"Consideraci_ns_CEG_Lei_impulso_demografico.pdf"*
Este correo é só informativo. Por favor non responda a el, xa que a conta desde a que se enviou non está habilitada para recibir mensaxes.

Se necesita información adicional sobre esta notificación ou extravía este correo, pode requirir unha copia das alegacións que se presentaron para esta normativa escribindo a normativa.transparencia@xunta.gal.

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

CONSIDERACIÓNS AO ANTEPROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA

O anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia aborda toda unha serie de medidas que modificarían diferentes normativas setoriais, de gran importancia en Galicia, entre elas a que regula a contratación pública.

I. Contratación Pública

A incorporación de criterios sociais e medioambientais na contratación pública é unha cuestión de grande importancia tanto para os órganos de contratación como para as empresas que concorren aos procedementos de licitación.

A nova configuración que desta cuestión estableceu a *Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014 (En diante Lei de Contratos),* **está sendo obxecto de interpretacións e aplicacións diferentes e a distintos pronunciamentos das Xuntas Consultivas da Contratación Administrativa e especialmente dos Tribunais administrativos que analizan en cada caso a aplicación de criterios tendo en conta a vinculación ao obxecto do contrato, o seu carácter discriminatorio, a ponderación da súa valoración no prego de condicións, etc.**

As diferentes administracións están a elaborar guías e criterios, entre outros instrumentos, que axuden aos seus órganos de contratación a utilizar axeitadamente en cada caso as cláusulas sociais e medioambientais.

En todo caso, a interpretación da nova Lei de contratos neste ámbito non está pechada e está a dar lugar a certa inseguridade xurídica para os operadores e para os órganos de contratación.

A pesares diso, non consideramos que o establecemento por lei de determinadas obrigas ou criterios con carácter xeral para tódolos contratos sexa unha solución axeitada, senón ao contrario, pode dar lugar a conflitividade no marco da contratación pública, pois esta debera establecer á medida de cada contrato os criterios e condicións que poidan consonte á lei ser esixidos ou ponderados.

Polo tanto, consideramos moito máis axeitado o establecemento de liñas ou procedimentos xerais de análise en cada caso da pertinencia de incorporar criterios sociais e medioambientais e da súa correspondente ponderación, máis alá da obriga ríxida con carácter xeral de determinados criterios, que sin cuestionar a súa lexitimidade, difícilmente terán acomodo en todos e cada un dos contratos.

En definitiva, consideramos fundamental o establecemento dunha liña suficientemente flexible e coordenada para tódolos órganos de contratación de Galicia, que lle permita a

adaptación en cada caso ás necesidades e particularidades dos contratos e que se adapte ás necesidades e á realidade dos operadores económicos de Galicia.

A. En canto á oportunidade de practicar a modificación en materia de contratación pública
A Confederación de Empresarios de Galicia considera que non se deberian practicar as modificacións específicas polos seguintes motivos que pasa a expoñer:

O pasado día 22 de marzo, constituíase a Comisión de Cláusulas Sociais da Xunta de Galicia, para a análise das cláusulas sociais na nova Lei de Contratos e o estudo da súa repercusión na contratación pública en Galicia.

A Comisión constituíuse pola Consellería de Economía Emprego e Industria, a Consellería de Política Social, Consellería de Facenda, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza e pola Asesoría Xurídica Xeral.

Entre os obxectivos específicos da Comisión, están:

- Ofreer exemplos de incorporación de aspectos sociais na contratación pública
- Ofrecer modelos de cláusulas sociais
- Modificar a Lei 14/2013 de racionalización do sector público autonómico en materia de contratación
- Actualizar a guía para unha contratación socialmente responsable no sector público autonómico galego.

En maio de 2019, ábrese un novo proceso de Diálogo Social tripartito entre a Administración autonómica, as organizacións empresariais e as orgaizacións sindicais máis representativas de Galicia.

Unha das mesas obxecto do Diálogo Social (en particular a mesa 2) estára adicada exclusivamente ás Cláusulas Sociais na contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tras a reunión constitutiva da mesa e o primeiro intercambio de ideas e propostas, a Administración comprometeuse a trasladar un documento (froito do traballo da Comisión de Cláusulas Sociais da Xunta de Galicia) para ser analizado e traballado no seo do Diálogo Social e co obxectivo de acadar un acordo tripartito ao respecto.

Por estes motivos, **a CEG considera que, con carácter previo á aprobación de calquera lei neste ámbito, debería conquerirse un nivel de consenso e unidade tanto a nivel da Administración como cos interlocutores económicos e sociais para articular un sistema de criterios sociais e medioambientais na contratación pública de Galicia** que:

- Sexa adaptada á realidade e ás posibilidades dos operadores económicos de Galicia
- Sexa froito do consenso
- Sexa utilizado con carácter trasnversal por tódolos órganos de contratación da Comuidade Autónoma de Galicia
- Sexa coherente e acorde coa normativa estatal en materia de contratación pública
- Aporte seguridade xurídica aos licitadores

Para acadar ese consenso, consideramos necesario lograr un acordo no marco do Diálogo Social de Galicia, en base á estratexia conxunta fixada polos diferentes departamentos da Xunta de Galicia, que despois poidan ter acomodo nos instrumentos xurídicos que proceda.

B. En canto ás disposicións específicas contidas no anteproxtecto de lei de impulso demográfico de Galicia:

- **Artigo 15. Contratación**

No artigo 15, establece entre os criterios de actuación e organización para o impulso demográfico unha seria de liñas relativas á contratación pública.
Nos dous primeiros parágrafos refírese case que textualmente á Lei de contratos estatal pero nos parágrafos 3 e 4 presenta unha serie de diferenzas que é preciso subliñar:

3. En desenvolvemento do expresado nos números anteriores, procurarase, mediante a súa inclusión nas prescricións técnicas, nos criterios de adxudicación ou nas condicións de execución do contrato, que as obras, produtos e servizos que se adquiran, así como os procesos ou procedementos que se utilicen neles, cumpran requisitos determinados e características específicas de tipo social e medioambiental, en concreto aqueles relacionados coa igualdade de xénero, o comercio xusto, a agricultura, a xestión forestal, a gandería e a pesca ecolóxica e sustentable e os que garantan o cumprimento das Convencións fundamentais da Organización Internacional do Traballo, de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro.

As características específicas de tipo social e ambiental previstas no anteproxecto, limitan as da Lei de contratos. A limitación dende o noso punto de vista non é positiva e réstalle posibilidades ao órgano de contratación á hora de incorporar criterios axeitados ao contrato.

4. En particular, os órganos de contratación introducirán criterios de adxudicación cualitativos referidos ás políticas empresariais en materia de igualdade no proceso específico de produción, prestación ou comercialización das obras, subministracións ou servizos, como aqueles referidos aos plans de igualdade de xénero que se apliquen, á loita contra a discriminación salarial por razón de sexo e ao fomento da contratación feminina.

Este precepto obrigaría ao órgano de contratación á inclusión de criterios sociais ou medioambientais de adxudicación en calquera caso. Esa obriga no é acorde coa Lei de contratos, que no seu artigo 145 prevé que

1. La adjudicación de los contratos se realizará utilizando una pluralidad de criterios de adjudicación en base a la mejor relación calidad-precio.

Previa justificación en el expediente, los contratos se podrán adjudicar con arreglo a criterios basados en un planteamiento que atienda a la mejor relación coste-eficacia, sobre la base del precio o coste, como el cálculo del coste del ciclo de vida con arreglo al artículo 148.

2. La mejor relación calidad-precio se evaluará con arreglo a criterios económicos y cualitativos.

Los criterios cualitativos que establezca el órgano de contratación para evaluar la mejor relación calidad-precio ***podrán incluir*** *aspectos medioambientales o sociales, vinculados al objeto del contrato*

Polo tanto, no se trata dunha obriga senon dunha facultade que deberá ser analizada polo órgano de contratación se é pertinente aplicar en cada caso e sempre vencellada ao obxecto do contrato.

Por outra banda, a enumeración de criterios previstos no anteproxecto é limitada respecto ao establecido na Lei de Contratos:

Las características sociales del contrato se referirán, entre otras, a las siguientes finalidades: al fomento de la integración social de personas con discapacidad, personas desfavorecidas o miembros de grupos vulnerables entre las personas asignadas a la ejecución del contrato y, en general, la inserción sociolaboral de personas con discapacidad o en situación o riesgo de exclusión social; la subcontratación con Centros Especiales de Empleo o Empresas de Inserción; los planes de igualdad de género que se apliquen en la ejecución del contrato y, en general, la igualdad entre mujeres y hombres; el fomento de la contratación femenina; la conciliación de la vida laboral, personal y familiar; la mejora de las condiciones laborales y salariales; la estabilidad en el empleo; la contratación de un mayor número de personas para la ejecución del contrato; la formación y la protección de la salud y la seguridad en el trabajo; la aplicación de criterios éticos y de responsabilidad social a la prestación contractual; o los criterios referidos al suministro o a la utilización de productos basados en un comercio equitativo durante la ejecución del contrato.

- **Artigo 52. Promoción da conciliación na contratación do sector público autonómico**

O artigo 54, establece unha batería de medidas a prol da promoción da conciliación na contratación do sector público de Galicia

  - **No primeiro parágrafo, o anteproxecto di que:**

1. A Administración autonómica e as entidades instrumentais do sector público autonómico, cando utilicen unha pluralidade de criterios para a adxudicación dun contrato, incluirán entre eles un referido ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade

Esta obriga non é compatible coa liberdade que o lexislador (Ley de contratos) da ao órgano de contratación para en cada caso decidir os criterios máis pertinentes e sempre vencellados co obxecto do contrato:

2. La mejor relación calidad-precio se evaluará con arreglo a criterios económicos y cualitativos.

Los criterios cualitativos que establezca el órgano de contratación para evaluar la mejor relación calidad-precio ***podrán incluir*** *aspectos medioambientales o sociales, vinculados al objeto del contrato*

  - **No segundo parágrafo, o anteproxecto di que:**

2. Este criterio deberá valorarse como mínimo co 10% da puntuación máxima que poida atribuírse ás ofertas, debendo motivarse no expediente a atribución dunha porcentaxe menor, que non deberá ser inferior ao 5% da puntuación máxima.

Esta obriga, supón unha condición xeral aplicable a tódolos contratos que non permitirá ao órgano de contratación adaptar en cada caso os criterios.
Consideramos que tanto a obriga con carácter xeral de incorporar criterios en materia de conciliación (que sempre deberán ir vencellados ao obxecto do contrato) como unha puntuación de 10 puntos para todos os casos (tendo en conta que poderían concorrer con outros criterios sociais ou medioambientais que en cada caso puideran ter máis tracendencia no contrato) pode dar lugar a situacións inxustas ou indesexables.

- **No terceiro parágrafo, o anteproxecto di que:**

3. Para a valoración deste criterio terase en conta a existencia na empresa dun plan de conciliación ou de igualdade que conteña as medidas obxecto de valoración e que se aplique á execución do contrato así como a posesión da Marca Galega de Excelencia en Igualdade ou dun distintivo equivalente, como o Certificado de Empresa Familiarmente Responsable, que acredite o cumprimento de plans de conciliación pola empresa.

Tamén se considerarán os acordos ou pactos cos traballadores e traballadoras a este respecto ou a inclusión na oferta de medidas de conciliación que se aplicarán na execución do contrato.

Tratándose dun criterio de adxudicación, na que as medidas deben estar vencelladas ao obxecto do contrato, no parece axeitado garantir a máxima puntuación ás empresas polo mero feito de contar cun certificado (EFR) ou a Marca Galega de Exelencia en Igualdade (de implantación limitada en Galicia pois só unha empresa disón desta Marca).
Polo tanto, consideramos que deben ser valortadas as medidas en relación ao obxecto do contrato e caso a caso nos pregos, sen facer presuncións en virtude de certificados estandarizados.

- **Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público**

O anteproxecto de lei, plantexa na súa disposición derradeira terceira a modificación da Lei 14/2013 de racionalización do sector público autonómico en materia de contratación.
Consideramos que, segundo o exposto anteriormente, non debería dar lugar a través dunha lei sectorial á modificación da normativa en materia de contratación pública e en todo caso, de facelo, non debería estblecer criterios ríxidos ou que contraveñan ou limiten o abano de posibilidades que ofrece a Lei de contratos, xa de por sí moi esixente coas empresas.

Disposición derradeira cuarta.
Modificación do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro

As empresas que implantasen un plan de igualdade terán preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que as proposicións presentadas igualen nos seus termos ás máis vantaxosas desde o punto de vista dos criterios obxectivos que sirvan de base para a adxudicación.

Tendo en conta que nun breve prazo as empresas de máis de 50 traballadores estarán obrigadas a ter un Plan de Igualdade, o mantemento deste criterio resultará claramente en perxuizo das empresas máis pequenas e polo tanto, non obrigadas por lei a contar cun Plan.

Considérase máis axeitada a previsión da Lei de contratos no artigo 147, que establece como posible criterio de desempate, entre outros:

1. e) Proposiciones presentadas por las empresas que, al vencimiento del plazo de presentación de ofertas, incluyan medidas de carácter social y laboral que favorezcan la igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres

II. Medidas a prol do transporte público

Artigo 33. Apoio económico para o transporte

1. A Administración autonómica establecerá bonificacións e descontos coa finalidade de apoiar economicamente ás familias no acceso á rede de transporte regular de persoas viaxeiras de uso xeral. Este apoio económico será máis intenso para as familias de especial consideración.

2. Así mesmo, a Administración autonómica establecerá a gratuidade no servizo público de transporte regular de persoas viaxeiras de uso xeral como mínimo para menores de 19 anos residentes na Comunidade Autónoma.

Compre prever as partidas económicas correspondentes para compensar o impacto sobre os ingresos dos operadores de transporte que prestan estes servizos na nosa Comunidade Autónoma.

III. Espazos para as familias nos edificios de uso público

Artigo 37. Espazos para as familias nos edificios de uso público

1. As Administracións Públicas de Galicia preverán nos novos edificios de uso público da súa titularidade a existencia de espazos específicos para a lactación dotados con cambiadores para o aseo dos nenos e nenas e desenvolverán programas para adaptar os edificios de uso público da súa titularidade xa existentes para que conten con estes espazos.

2. Así mesmo, nos novos edificios de uso público de titularidade privada deberá existir un espazo accesible para homes e mulleres dotado cun cambiador para o aseo dos nenos e nenas. As Administracións Públicas de Galicia desenvolverán programas para promover que os edificios de uso público de titularidade privada xa existentes conten con este espazo e con outros recursos a disposición das familias.

3. Para os efectos do disposto neste artigo enténdese por edificios de uso público aqueles que impliquen concorrencia de persoas para a realización de actividades de carácter social, recreativo, deportivo, cultural, educativo, comercial, administrativo, asistencial, residencial, sanitario ou outras análogas.

É necesario desenvolver técnicamente a configuración dos espazos para familias previstos neste artigo. A día de hoxe, non existe una definición técnica da configuración e composición destes espazos, que sería preciso para dar cumplimento de xeito armonizado a esta obriga.

Polo tanto, proponse que a nova lei estableza un mandato para que a nivel autonómico nun prazo razoable quede definida a configuración e condicións destes espazos.

IV. Impulso do emprendemento

Artigo 59. Impulso do emprendemento

1. As Administracións Públicas de Galicia, no marco das políticas de fomento empresarial, establecerán incentivos e axudas específicas á mocidade para a creación de empresas ou para o autoemprego, dándolle prioridade ás iniciativas emprendedoras de traballo autónomo e á constitución e agrupación de entidades de economía social.

2. Así mesmo, establecerán medidas de formación, asesoramento e seguimento que permitan a consolidación e a mellora da competitividade dos proxectos empresariais.

Entendemos que non se debe priorizar un modelo de empresa sobre outro pois debe apoiarse a mozos e mozas no seu proxecto coa maior flexibilidade posible.

Un dos factores fundamentais de implantación das actividades profesionais e empresariais son os condicionamentos que lle establezan a normas vixentes.

Consideramos que os mozos e mozas deben ser apoiados nas súas iniciativas empresariais e profesionais, con independencia da súa forma xurídica.

En Santiago de Compostela, a 24 de xullo de 2019

AGAM
asociación galega
de matronas

C. Costa Rica, 5 -4º Comercial
Telf. 981 16 00 63 - fax 981 14 82 69
15004 A CORUÑA

Consellería de Política Social
Edificio Administrativo San Caetano,
Rúa de San Caetano, s/n,
15.704 - Santiago de Compostela,
(A Coruña)

ASUNTO: Alegacións ao ANTEPROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA

ARÁNZAZU DOMÍNGUEZ LUNA, con D.N.I. nº 52.758886-Z, actuando en nome e representación da ASOCIACIÓN GALEGA DE MATRONAS (AGAM), en calidade de Vicepresidenta, con domicilio na Rúa Costa Rica, 5 - 4ª Planta Comercial. (C.P.: 15.004) de A Coruña e con e-mail a efectos de notificación directiva@matronasgalegas.org , comparece e **EXPÓN:**

Que con data 27 de xuño de 2019 aparece publicado no Portal de transparencia da Xunta de Galicia o ANTEPROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA, polo que no prazo aberto para presentar achegas entre 03/07/2019 e o 24/07/2019, formula as seguintes Alegacións, precedidas duns Antecedentes que se entenden de precisa atención:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: Necesidade dun cambio de paradigma e de enfoque da natalidade, para pasar a falar de crianza.

A crianza é de vital importancia no desenvolvemento dos nenos e das nenas, Os primeiros meses de vida, son fundamentais para o adecuado desenvolvemento e o establecemento do vínculo e o apego nas familias. E polo tanto, o papel das institucións no apoio da crianza é imprescindible.

SEGUNDO: A lactancia materna é a forma ideal de aportar ás nenas e aos nenos os nutrintes que se necesitan para un crecemento e desenvolvemento saudables. As mulleres necesitan unha boa información e o apoio da súa familia, pero tamén da sociedade, das administracións públicas e dos seus gobernos.

A OMS recomenda a lactancia materna exclusiva (LME) durante os primeiros 6 meses, e o

CVE: c47e0887-3b65-3999-bd77-6ff5f1b59ba5 Copia electrónica auténtica de documento en papel

AGAM
asociación galega
de matronas

C. Costa Rica, 5 -4º Comercial
Telf. 981 16 00 63 - fax 981 14 82 69
15004 A CORUÑA

CVE: c47e0887-3b65-3999-bd77-6ff5f1b59ba5 Copia electrónica auténtica de documento en papel

mantemento da lactancia xunto coa alimentación complementaria ata alomenos os dous anos.

De feito, considérase a primeira vacina que recibe o bebé.

Ademais **a lactancia materna e a actuación sanitaria máis custo eficiente que existe,** (cumprindo os obxectivos de desenvolvemento sostible - ODS) porque mellora a saúde infantil, as das nais, e a da sociedade en xeral e polo tanto reduce custes sanitarios .

Galicia, segundo os últimos estudios publicados, **poderia aforrarse uns 3 millóns de euros cada ano se o 50% das nais amamantaran aos seus fillos e fillas ata os 6 meses.**

Non só é preciso "elaborar campañas de coñecemento da poboación dos bancos de leite materno", senón tamén educar na importancia do amamantamento como medida de protección da saúde pública e para iso deben existir **medidas efectivas** desde as institucións **de apoio real á lactancia, do cumprimento do Código Internacional de Comercialización de Sucedáneos de Leite Materno (CICSLM) e da protección da maternidade.**

É moi difícil acadar e manter unha LME 6 meses, con permisos maternais insuficientes e se non existen medidas eficaces para o cumprimento do Código Internacional de Comercialización de Sucedáneos de Leite Materno (CICSLM) e o Real Decreto 867/2008, de 23 de maio, polo que se aproba a regulamentación técnico - sanitaria específica dos preparados para lactantes e dos preparados de continuación (modificado no RD 165/2014) que a día de hoxe na nosa Comunidade **incúmprese sistematicamente.**

TERCEIRO: Diferentes estudios avalan a importancia do coidado por parte das nais e dos pais dos nenos e nenas na etapa 0-3 anos.

As institucións públicas deberían apoiar e promover esta posibilidade, para que na maioría dos casos non fora imprescindible levar as nenas/os, nesta etapa á escola, e para aqueles que se fora imprescindible habería que facer melloras na calidade das garderías.

É por tanto necesaria a flexibilización e respecto ás decisións das diferentes familias.

As institucións publicas deben velar polo benestar das nenas e dos nenos e das súas familias **adecuando os horarios das nais e dos pais aos das fillas e os fillos** e non ao contrario.

CUARTO: É importante acadar o aumento da demografía, pero non só en termos de

AGAM
asociación galega
de matronas

C. Costa Rica, 5 -4º Comercial
Telf. 981 16 00 63 - fax 981 14 82 69
15004 A CORUÑA

"produtividade" e de mellorar o acceso e sensibilización á reprodución asistida, senón que é fundamental **promover unha adecuada educación afectiva e sexual de nenos e nenas e da mocidade para acadar unha sexualidade e unha vida reprodutiva saudable**. Así como mellorar a calidade da atención das mulleres na súa vida sexual e reprodutiva. É preciso coidar no só ás crianzas, senón tamén ás nais.

En 2008 o Ministerio de Sanidade publicou a **Estratexia de Atención ao Parto Normal**, có obxectivo de potenciar a atención ao parto normal no SNS mellorando a calidade asistencial e mantendo os niveis de seguridade actuais, repectando as necesidades de nais e fillos/as e a creación do vínculo materno filial. Trátase de mellorar a calidade da atención no proceso do parto e puerperio, co fin de mellorar os resultados perinatais e a saúde maternoinfantil e por suposto a satisfacción das usuarias. Dende as Administracións compre apoiar dita estratexia, xa que non todos os hospitais de Galicia a están a seguir.

A OMS no 2018 elabora un documento para os "Coidados do parto para unha experiencia de parto positiva", no que recollen as principais actuacións que se deben levar a cabo no proceso do parto para transformar a atención a mulleres e neonatos para mellorar a súa saúde e benestar.

Por todo o anteriormente exposto,

SOLICITA:

Primeiro.- A ampliación do permiso de maternidade, para que chegue como mínimo aos 6 meses. Sendo o ideal alomenos un ano.

Segundo: O fomento da lactancia materna como medida preventiva de saúde pública: A promoción real por parte da Administración Autonómica da lactancia materna, elaborando leis que protexan de maneira efectiva a lactancia, e o cumprimento do CICSLM co fin de aumentar as taxas de LM en Galicia e aumentar a súa duración e mellorar a saúde da poboación infantil, as nais e sociedade en xeral.

Polo que o *Artigo 39: Bancos de Leite Materno* debe abordar o fomento integral da lactancia materna e non só os Bancos de Leite.

É preciso tamén promover hábitos saudables dende as institucións para unha alimentación equilibrada en tódalas etapas da vida.

CVE: c47e0887-3b65-3999-bd77-6ff5f1b59ba5 Copia electrónica auténtica de documento en papel

AGAM
asociación galega
de matronas

C. Costa Rica, 5 -4º Comercial
Telf. 981 16 00 63 - fax 981 14 82 69
15004 A CORUÑA

Terceiro: En canto o *Artigo 34: Apoio económico para o acceso á Educación Infantil de 0 a 3 anos*

- Adecuar os horarios laborais das nais e dos pais aos horarios das fillas e dos fillos para que unha conciliación laboral e familiar sexa posible e real.

- Flexibilidade e incremento das modalidades de axuda para o coidado. De xeito que as familias poidan decidir, ben levar as súas fillas/os a unha escola infantil, ben contratar a unha persoa na casa para o coidado de aqueles ou ben decidir ser eles/as mesmos/as os/as que coiden ás fillas e aos fillos. Co fin de mellorar a calidade de vida, fomentar o apego, favorecer o desenvolvemento e a permanencia nun contorno familiar.

- Dar importancia á valoración dos proxectos pedagóxicos das escolas infantis, primando e valorando aqueles que sexan respectuosos co desenvolvemento das nenas/os para acadar escolas de calidade, nenas/os sans, e unha sociedade equilibrada.

Cuarto: *Artigo 40: Asistencia sanitaria á reprodución:*

- Promover a educación afectivo sexual de nenas/os galegos/as, dende as escolas, a familia e as institucións sanitarias e mellorar a calidade da atención ás mulleres, especialmente durante o embarazo e a maternidade e dende unha visión integral.

- A Administración Autonómica debe participar activamente para potenciar a Estratexia de Atención ao Parto Normal e as recomendacións da OMS nos Hospitais Galegos co fin de mellorar a calidade da atención, os resultados materno-perinatais e a satisfacción das mulleres a así **potenciar a natalidade dende o empoderamento da muller, as experiencias positivas e a humanización da atención.**

- Polo tanto a *Artigo 40* debería modificarse para acadar unha abordaxe integral na asistencia sexual e reprodutiva.

E para que conste aos efectos oportunos, asino a presente en Santiago de Compostela, a 24 de xullo de 2019.

Asdo.: Aránzazu Domínguez Luna

CVE: c47e0887-3b65-3999-bd77-6ff5f1b59ba5 Copia electrónica auténtica de documento en papel

XUNTA DE GALICIA

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 24/07/2019 11:03:58
ENTRADA 92875 / RX 1602007

RECIBO DE PRESENTACIÓN

Oficina: O00008826 - REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

Número: 2019/1602007

Data e hora: 24/07/2019 11:03:58

Destino: CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
O00008826 - REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
A12017398 - SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Interesado

D. / Dña: ASOCIACIÓN GALEGA DE MATRONAS **NIF / NIE:** G70203096

Información do rexistro

Asunto: ALEGAICÓNS AO ANTEPROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO EN GALICIA

Observacións: PRESENTA O ESCRITO ARANZAZU DOMINGUEZ LUNA CON DNI 52758886Z. A PERSOA INTERESADA FOI ADVERTIDA DA OBRIGATORIEDADE DA PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA E DAS CONSECUENCIAS DO SEU INCUMPRIMENTO, CONFORME O ARTIGO 14,2 DE LEI 39/2015..

Documentación que achega a persoa solicitante: *(*) Algoritmo para o resumo electrónico dos arquivos: SHA-256*

Nome do arquivo	Descrición	Validez	Resumo electrónico do arquivo (*)
agarcaa2019-07-24_110442-20190724110456183_00_00.pdf	SOLICITUDE	COPIA ORIXINAL	62946431b9f7409b83c9fdff9e5aad2fbc8b5fbee9a195bbef0d3cce809a6317
agarcaa2019-07-24_110442-20190724110456183_03_06.pdf	ALEGACIÓN	COPIA ORIXINAL	761c72571cf29465bb432fcd71c4ffe6694bab836c0558486a29f47eb32b746f

CVE: 5d921819-8577-3586-8331-8d7874e24160 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Asinado por: REXISTRO DA XUNTA DE GALICIA
Data e hora: 24/07/2019 11.17.05

Asoc. de Escuelas Infantiles Gallegas de Iniciativa Social

10/Julio/2019

Alegaciones al anteproyecto de Ley de Impulso Demográfico de Galicia.

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIALDirección Xeral de Familia Infancia y Dinamización Demográfica

EVA MARÍA VIDAL QUERENTES, Presidente de la Asociación de Escuelas Infantiles Gallegas de Iniciativa Social (ASEIGAIS), con domicilio en Avenida de Ourense, Plaza Ponteporto nº 50, 36900-MARIN (Pontevedra), teniendo conocimiento que se encuentra en trámite de audiencia el Anteproyecto de Ley de Impulso Demográfico de Galicia, en tiempo y forma hábiles formulo las siguientes:

ALEGACIONES

PRIMERA.- La Asociación de Escuelas Infantiles Gallegas de Iniciativa Social (ASEIGAIS) se constituye en diciembre de 1992 y en la actualidad, con más de 30 miembros, agrupa a la mayoría de Centros de Educación Infantil de Iniciativa Social de Galicia. Son centros educativos prestadores de Servicios Sociales, inscritos en el RUEPSS, que atienden la etapa 0 – 3 años

SEGUNDA.- Nuestros Centros se rigen por la LOMCE, que ha incluido la etapa 0-3 años dentro del currículum escolar, la Ley de Servicios Sociales de Galicia, el Decreto 329/2005 que regula los centros de menores y de atención a la infancia, el Decreto 330/2009 que establece el currículo de la Educación Infantil del 1º y 2º Ciclo, el Decreto 254/2011 sobre registro, acreditación e inspección de los servicios sociales de Galicia y por la diversa normativa dictada por la Consellería de Política Social entre la que se encuentra la

aplicación del Decreto 49/2012 por el que se aprueba el régimen de precios de las escuelas infantiles públicas 0-3.

TERCERA.- Hemos detectado que cada vez con mayor intensidad, en los medios de difusión y en nuestra sociedad gallega, aflora el desconocimiento sobre la existencia de nuestros centros de iniciativa social, las condiciones de los servicios que ofertan y las plazas que proporcionan en la etapa 0-3.

c) Las familias formadas por un padre o madre separado/a o divorciado/a que queda a cargo de hijas e hijos sin que haya custodia compartida. Nos gustaría conocer cómo se va a articular esta medida.

Por otro lado, se recoge también que tendrán la misma consideración que el hijo o la hija, según el apartado a) el concebido o concebida, siempre que mediante la aplicación de esta asimilación se obtenga mayor beneficio. Nos gustaría saber en qué supuestos será contemplado esto.

Achegas e comentarios ao Anteproxecto de Lei de Impulso Demográfico

Paula Vázquez Verao, Grupo Mixto

23/xullo/2019

O partido político En Marea, dende a nosa posición institucional na Cámara Galega, como Grupo Mixto, anunciamos – tal e como sinalamos na reunión do Observatorio – que votaremos non ao Anteproxecto de Lei de Impulso Demográfico achegado pola Xunta.

En primeiro lugar, dito anteproxecto preséntase ao Observatorio Demográfico en xullo de 2019, cando a Xunta prometera que proporía á Cámara galega unha Lei de Impulso Demográfico antes de finais do ano 2018.

O documento parécenos pouco ambicioso e que non respecta as análises e propostas de actuación estruturais achegadas polos debates do Observatorio.

Entre outras cuestións, na exposición de motivos alúdese à "prolongación da etapa da xuventude" coma unha das causas da baixa fecundidade, pero non se especifica como debilidade algo que si se identificara por consenso no Observatorio Demográfico: "Retraso na emancipación residencial e na autonomía persoal, e retraso do calendario nupcial e fecundo, por dificultades de acceso ao mercado laboral e á vivenda en condicións dignas." Elúdese, polo tanto, a expoñer determinadas causas do atraso no acceso á maternidade, porque esas causas teñen que ver con políticas da Xunta (ou coa ausencia das mesmas).

Deste xeito, temos un documento que presenta medidas puntuais moi concretas pero carece de políticas estruturais que muden as condicións da cidadanía galega que quere exercer unha maternidade e paternidade responsable. Esencial é, neste sentido, avanzar na universalización do ensino 0-3, á par que cara maiores permisos de maternidade e paternidade. Sobre estas cuestións, o anteproxecto só pon parches. Sendo un tema de consenso teórico entre os grupos da Cámara galega a universalización do ensino 0-3 anos, pois así foi asinado no Pacto Galego pola Infancia con UNICEF, propoñemos aproveitar a oportunidade do debate desta lei para, canto menos, impulsar este acordo histórico no noso País.

Outras políticas esenciais para permitir á cidadanía o seu proxecto vital coa descendencia desexada, como son vivenda e políticas activas de emprego, quedan en declaracións de intencións. Só hai un compromiso en investimento en políticas de "familia", pero cítanse programas que xa están en marcha e non se achega unha detallada memoria económica ao anteproxecto de lei.

Seguimos botando en falta a atención específica á realidade das familias monomarentais, modelo de convivencia cada vez máis extendido, e o apoio real ás mulleres que desexan ter descendencia cunha ampliación da idade nas terapias de fecundación asistida públicas.

No trámite parlamentar, formularemos, pois, as nosas emendas.

Paula Vázquez Verao, representante do Grupo Mixto no Observatorio Demográfico.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS
E MOBILIDADE
Secretaría Xeral Técnica

Edificio administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

Asunto: observacións anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia

Realízanse as seguintes alegacións ao texto do anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia

1.- O artigo 8 esixe que os proxectos normativos e os documentos de planificación sectorial deberán ir acompañados dunha análise de impacto demográfico.

A este respecto, sen prexuízo de que se establece no propio artigo que o órgano de dirección con competencias en materia de dinamización demográfica proporcionará directrices, criterios e metodoloxías para facilitar esta análise, considérase máis oportuno, en virtude das competencias sectoriais que lle corresponden a cada órgano, que o que se prevea sexa a emisión dun informe do órgano de dirección con competencias en materia de dinamización demográfica.

Por razón de técnica normativa, neste suposto, sería aconsellable modificar neste sentido a normativa reguladora da aprobación de proxectos normativos, recollida na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

2.- No texto faise referencia a unha serie de expresións cuxa definición non se recolle no artigo previsto para tal fin e que sería conveniente a súa inclusión, por exemplo para referirse ao termo economía azul ou á política de hubs.

Santiago de Compostela

O vicesecretario xeral

Jose Antonio Domínguez Varela

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Xacobeo 2021

Asinado por: DOMINGUEZ VARELA, JOSE ANTONIO
Cargo: Vicesecretario Xeral
Data e hora: 24/07/2019 14:29:56

CVE: 9HbGOGqe29
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

E. 26107/19

XUNTA DE GALICIA

Xustificante de envío

Nº de envío: 2019/764878

De: A12024986 - Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Número: 2019/764878

Data envío: 24/07/2019 14:41:32

Para: A12017398 - SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Información do envío

Asunto: ACHÉGANSE AS ALEGACIÓNS DESTA CONSELLERÍA AO ANTEPROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA

Documentación achegada

(*) Algoritmo para o resumo electrónico dos arquivos: SHA1

Nome do arquivo	Descrición	Validez	Resumo electrónico do arquivo (*)
Oficio alegacions.pdf		Orixinal	7473ac8992d38e219e91ac2c217a5127cd20b67c

CVE-REXEL: 6698833f-dd7e-3f69-bcca-4c3fd316c5bd
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
Asinado por: REXISTRO DA XUNTA DE GALICIA
Data e Hora: 24/07/2019 14.41.34

E. 26/07/19

Anteproxecto de Lei de Impulso Demográfico de Galicia

Secretaría Xeral Técnica, Consellería do Mar

jue 18/07/2019 14:32

Para:Politica Social, Tecnicoxuridico <tecnicoxuridico.politicasocial@xunta.gal>;

Bo día,

Por indicación da secretaria xeral técnica comunicámoslle que esta Consellería non presenta alegacións ao Anteproxecto de Lei de Impulso Demográfico de Galicia

Un saúdo

Secretaría Xeral Técnica
Consellería do Mar

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 54 54 00

galicia

ANTEPROXECTO DA LEI DE APOIO Á NATALIDADE E IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA

MEMORIA ECONÓMICO-FINANCEIRA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 54 54 00

galicia

MEMORIA ECONÓMICO-FINANCEIRA

O artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas establece que a formulación de iniciativas lexislativas por parte da Xunta de Galicia, así como a aprobación de normas de rango regulamentario, plans ou programas de actuación de contido económico-financeiro, requirirán a previa dispoñibilidade dunha memoria económico-financeira que avalíe axeitadamente os custos que esas propostas poidan representar e que considere as posibilidades ou alternativas existentes para o seu financiamento cando delas poida derivarse un incremento do gasto público.

En consecuencia, elabórase a presente memoria en relación coa tramitación por parte da Xunta de Galicia do anteproxecto de Lei de apoio á natalidade e impulso demográfico de Galicia tendo en conta o previsto na Orde do 3 de marzo de 2011, pola que se establece o contido mínimo da memoria económico-financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuacións.

Esta memoria será obxecto de remisión á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos para a emisión do correspondente informe de carácter preceptivo no relativo aos efectos deste anteproxecto de lei sobre o gasto público.

Co seu contido, dáse cumprimento ao esixido nos artigos 6, 8 e 16 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo decreto 111/1984, do 25 de maio, así como no artigo 12.1 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, e na Orde do 3 de marzo de 2011, sobre a documentación esixida da memoria económico-financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuación, por parte da Xunta de Galicia.

1. ANTECEDENTES

A Comunidade Autónoma de Galicia vén experimentando nas últimas décadas un importante proceso de transformación demográfica, socioeconómica e cultural. Os trazos máis salientables da súa dinámica demográfica, compartidos co resto de España, Europa e os países desenvolvidos, e incardinados na denominada segunda transición demográfica, son, por unha

parte, o incremento da esperanza de vida, e, por outra, a variación da fecundidade, que en Galicia diminuíu, como en todas as sociedades avanzadas nos últimos sesenta anos, pero aquí de forma máis rápida e acusada. Así, aínda que a fecundidade das mulleres galegas xa foi baixa en relación coa das españolas dende o século XIX, entra en fase depresiva nas últimas tres décadas, con valores particularmente reducidos.

Esta redución da fecundidade relaciónase moi directamente coa paulatina prolongación da etapa de xuventude, consecuencia das dificultades que atopa a mocidade na transición á vida adulta. A este respecto son expresivos o retraso na entrada no mercado de traballo, o emparellamento tardío e a progresivo incremento da idade media á primeira maternidade.

No caso de Galicia, ademais, a estrutura da poboación permanece aínda afectada polos intensos procesos migratorios do século pasado, que minoraron notablemente o crecemento real da poboación e repercutiron directamente no comportamento de todas as variables demográficas, dando como resultado unha estrutura demográfica avellentada e, a día de hoxe, con problemas de renovación xeracional.

A esta complexa situación engádese un reparto da poboación no territorio que tende cada vez máis a concentrarse nas provincias occidentais, nas maiores áreas urbanas e nos concellos litorais, ao que se une a fragmentación e dispersión dos asentamentos poboacionais: Galicia conta con 3 772 das 4 920 entidades colectivas que hai en España, con máis de 30 000 entidades singulares, que supoñen preto da metade das existentes no Estado, e máis da metade dos diseminados.

Así mesmo, as variacións de poboación nas últimas décadas evidencian como os procesos de retorno migratorio e de inmigración non son capaces de compensar os balances negativos do crecemento vexetativo, así como que volve a recobrar importancia a emigración.

Asistimos, polo tanto, a un cambio na dinámica e estrutura demográfica que ten efectos importantes a nivel humano, social, cultural, económico político e medioambiental, e que supón un dos maiores retos aos que debe enfrontarse Galicia nos próximos anos. O cambio nos comportamentos reprodutivos, a maior esperanza de vida da poboación, as pautas de conformación das familias e a distribución da poboación no territorio, así como o impacto das migracións, forman parte dun mesmo proceso de carácter sistémico do que é preciso tomar conciencia e articular as medidas oportunas para xestionalo con éxito.

Xestionar con éxito o reto demográfico ao que se enfronta Galicia implica adoptar novos enfoques e traballar de xeito conxunto e con visión de futuro, tanto o sector público autonómico como as administracións locais e os axentes económicos e sociais. É necesario un compromiso estratéxico que permita establecer medidas estables a medio e longo prazo. Esta Lei de apoio á natalidade e impulso demográfico de Galicia ten o obxecto de servir como marco e orientación das actuacións en materia demográfica.

As amplas repercusións que se derivan do cambio demográfico traen como consecuencia que a regulación contida nesta lei sexa de carácter transversal e, polo tanto, ditada ao abeiro de títulos competenciais autonómicos diversos. Así, xunto á competencia autonómica en materia de fomento e planificación da actividade económica de Galicia (artigo 30.1.Un do Estatuto de autonomía), as previsións da lei atopan o seu fundamento noutros títulos competenciais máis específicos entre os que procede salientar os relativos ao réxime local, á ordenación do territorio, urbanismo e vivenda, obras públicas, estradas, turismo, asistencia social e medio ambiente (artigo 27, números 2, 3, 7, 8, 21, 23 e 30, do Estatuto de autonomía de Galicia); industria, agricultura e gandería (artigo 30.1. Dous e Tres do Estatuto de autonomía), educación e sanidade (artigos 31 e 33 do Estatuto de autonomía).

A Comunidade Autónoma de Galicia dispón, polo tanto, de competencia para establecer unha regulación como a contida nesta lei, que sente os fundamentos para o impulso demográfico de Galicia, mediante o establecemento dos principios e das liñas de actuación das Administración Públicas de Galicia e do conxunto de medidas que atinxen neste ámbito a estas, á cidadanía e aos diferentes axentes que operan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. ESTUDO ECONÓMICO

A Lei de apoio á natalidade e impulso demográfico de Galicia ten como finalidade favorecer un desenvolvemento social, económico e ambiental sustentable e territorialmente equilibrado, de xeito que as persoas consideren Galicia como o lugar idóneo para vivir, para establecerse e, se así o desexan, ter fillas e fillos e desenvolver o proxecto familiar que libremente escollan.

Para acadar esta finalidade fíxase como obxectivo estratéxico a creación de contornos que favorezan que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto vital e familiar en Galicia, obxectivo, que á súa vez, desprégase nos seguintes obxectivos operativos:

-Establecer un marco xurídico e financeiro estable que garanta a atención das necesidades das familias e facilite que estas poidan ter os fillos e fillas que desexen.

-Promover as condicións necesarias para que os mozos e mozas galegos poidan desenvolver o seu proxecto vital e formar unha familia no territorio da nosa Comunidade.

-Favorecer o retorno a Galicia da poboación galega emigrada e a atracción de nova poboación.

-Impulsar a dotación de infraestruturas e servizos e as actividades económicas para o mantemento da poboación xa existente e asentamento de nova poboación no rural.

-Promocionar o envellecemento activo e saudable e a denominada economía do envellecemento.

Para conseguir os obxectivos anteriores, xunto con medidas concretas, a lei introduce a obriga de incorporar a perspectiva demográfica en todas as políticas das Administracións Públicas de Galicia, en correspondencia co carácter sistémico que debe presidir a acción pública neste ámbito, impulsando a colaboración e cooperación dos diferentes niveis de administración e a implicación dos interlocutores sociais e do sector privado así como a participación cidadá.

O anteproxecto de Lei de apoio á natalidade e impulso demográfico de Galicia introduce a necesidade de identificación e valoración dos diferentes efectos e resultados de todas as normas e políticas públicas no comportamento da poboación, co obxecto de neutralizar posibles efectos que dificulten ou impidan o impulso demográfico. Dado que todas as consellerías operan dun xeito sectorial ou parcial os obxectivos de dinamización demográfica, esta previsión na práctica traerá como consecuencia o aliñamento cos principios e obxectivos desta lei de todas as normas e programas que xa están implantados, reorientando aqueles que sexa preciso.

Os principais programas que nutrirán as políticas activas de impulso demográfico estarán dotados cun orzamento global mínimo de 2.765.656.391,78€ nos exercicios económicos 2019, 2020,2021 e 2022.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 54 54 00

Así mesmo, dentro do necesario respecto ao principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a norma prevé a posta en marcha de novas medidas, que suporán un incremento do investimento en políticas de apoio á natalidade e ás familias de 47.182.866,75€ euros nos exercicios económicos 2019, 2020,2021 e 2022. Para o financiamento destas actuacións, solicítase unha nova dotación orzamentaria.

ORZAMENTO	2019	2020	2021	2022	TOTAL
POLÍTICAS EXISTENTES	621.200.197,74€	716.810.952,99€	713.776.118,04€	713.869.123,01€	2.765.656.391,78€
NOVAS ACTUACIÓNS		12.586.269,35€	17.116.762,70€	17.479.834,70 €	47.182.866,75€
TOTAL	621.200.197,74€	729.397.222,34€	730.892.880,74€	731.348.957,71€	2.812.839.258,53€

3. MEMORIA XUSTIFICATIVA

A lei consta dun total de 102 artigos e estrutúrase nun título preliminar, dous títulos, tres disposicións adicionais, unha derrogatoria e seis disposicións derradeiras.

3.1. Disposicións xerais.

O título preliminar recolle as disposicións xerais da lei, o seu obxecto e finalidade, o ámbito de actuación, as definicións, os principios reitores e os de actuación. De forma especial faise fincapé nos principios de transversalidade, de colaboración e cooperación entre as diferentes Administracións Públicas de Galicia, e de participación da cidadanía e dos interlocutores sociais que deben guiar a planificación e o desenvolvemento de todas as políticas públicas en materia demográfica.

As previsións deste título non establecen actuacións que poidan supoñer custo económico.

3.2. Criterios de actuación e organización para o impulso demográfico

O título I divídese en tres capítulos. No capítulo primeiro establécense os criterios de actuación das Administracións Públicas de Galicia, destacando a obriga de incorporar a perspectiva demográfica en todas as súas políticas e o compromiso que asume a Administración autonómica de traballar conxuntamente co resto de Administracións públicas de Galicia, apoiando e impulsando as súas actuacións en materia demográfica.

No capítulo segundo regúlase a organización administrativa que se considera necesaria para unha maior efectividade da lei. Preténdese reforzar e mellorar a coordinación inter e intra administrativa, incentivando a participación de todas as partes implicadas no deseño e aplicación de políticas públicas con impacto demográfico.

Finalmente, o capítulo terceiro está dedicado ao fomento do estudo, sensibilización, formación e comunicación en materia demográfica, e trata de impulsar as condicións para afondar no coñecemento da evolución da poboación e dos seus efectos, transferindo os resultados ao conxunto da cidadanía para contribuír á mellora da gobernanza e á implicación de toda a sociedade na abordaxe consensuada do reto demográfico.

Na práctica as previsións contidas neste título significarán, por unha banda, dotar de perspectiva demográfica as actuacións que ordinariamente vén desenvolvendo a Administración autonómica e, por outra, actuacións no marco do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica e da acción ordinaria da consellería con competencias en dinamización demográfica, polo que tampouco este capítulo implicará un custo económico adicional nin incremento do gasto público.

3.3. Políticas públicas para o impulso demográfico

O título II aborda as políticas públicas para o impulso demográfico, núcleo central da lei, e consta de sete capítulos.

O capítulo primeiro establece criterios xerais de actuación en materia de vivenda ou nas políticas activas de emprego desenvolvidas pola Administración autonómica e prevé a estandarización da renda familiar coa finalidade de dar un trato equitativo aos diferentes tipos e situacións familiares. A norma incorpora deste xeito a perspectiva demográfica nas políticas de vivenda e nas políticas activas de emprego, o que non pode considerarse que comporte un incremento do gasto público. Respecto da estandarización da renda debe ser obxecto de

desenvolvemento regulamentario polo que neste momento non é posible cuantificar o seu custo económico.

O capítulo segundo regula o apoio á natalidade e ás familias e, neste sentido, recolle prestacións e axudas familiares por nacemento e adopción, axudas ás familias máis vulnerables e para a mellora das vivendas, así como o apoio económico para o transporte e para o acceso á Educación Infantil 0-3 anos. Tamén recolle un apoio específico ás familias numerosas, en atención á súa especial contribución á sociedade, e a previsión de dotación progresiva dos medios necesarios para proporcionar asistencia sanitaria á reprodución.

Pola súa parte, o capítulo terceiro aborda a conciliación da vida familiar, laboral e persoal para impulsar e consolidar o desenvolvemento de políticas efectivas para que homes e mulleres poidan harmonizar as súas responsabilidades laborais e familiares en condicións de igualdade.

Deste xeito a sección primeira deste capítulo prevé que todas as familias que residan en Galicia teñan accesible un recurso de conciliación de calidade para a atención dos fillos e fillas menores de 3 anos e das persoas dependentes. Así mesmo establece a posibilidade de financiamento de servizos de conciliación pola Administración autonómica e que esta promoverá unha oferta de recursos de conciliación no período estival e o achegamento dos recursos de conciliación aos lugares de traballo. Finalmente establece a promoción dunha dotación suficiente de prazas de educación infantil 0-3 anos e a adaptación progresiva dos horarios das escolas infantís 0-3 anos aos horarios laborais xunto co avance na atención das necesidades puntuais de conciliación.

Polo que se refire ás seccións segunda e terceira do capítulo terceiro, establece un novo marco regulador para que a maternidade e a paternidade non penalicen o desenvolvemento dunha carreira profesional e avanzar na conciliación, previsións que non comportan custos adicionais nin, polo tanto incremento do gasto público.

Así mesmo, a sección terceira establece accións de información, asesoramento e titorización ás empresas para a implantación de medidas de conciliación e prevé a posibilidade de establecer liñas de axuda ás empresas para colaborar nos gastos derivados da dita implantación así como ás persoas traballadoras para facilitar a conciliación. Todas estas actuacións xa se están a desenvolver na actualidade, polo que non suporán novos custos.

O capítulo cuarto pretende sentar as bases que garantan as condicións necesarias para que os mozos e mozas galegos poidan desenvolver o seu proxecto vital e formar unha familia no territorio da nosa Comunidade, buscando reforzar as súas capacidades e habilidades e fomentar as súas oportunidades de emprego. Así, recolle previsións tendentes a mellorar o axuste entre formación, mercado laboral e potencialidades do territorio, a reforzar as capacidades e habilidades transversais da mocidade e a fomentar a súa participación en programas de voluntariado; establece incentivos e axudas específicas para a creación de empresas ou para o autoemprego e medidas de formación, asesoramento e seguimento que permitan a consolidación e a mellora da competitividade dos proxectos empresariais da xente nova, promovendo a innovación, tecnoloxía e creatividade e o relevo xeracional.

Todas estas actuacións xa se están realizando na actualidade, sendo a pretensión da lei buscar maiores sinerxías entre elas, pero en todo caso non suporán custos adicionais.

O capítulo quinto establece un marco favorable para o asentamento de nova poboación na Comunidade autónoma. Con esta finalidade, impulsa o retorno da poboación galega residente no exterior e da súa descendencia mediante o afianzamento dos seus vínculos con Galicia, o acceso a programas e servizos en igualdade de condicións que o resto da poboación galega e o apoio para conseguir a súa plena integración social e laboral. Así mesmo, recolle previsións dirixidas á captación de nova poboación en correspondencia coas demandas do mercado laboral e ao desenvolvemento de programas de acollida que faciliten a integración das novas persoas que se asenten en Galicia.

Ao igual que sucedía co capítulo anterior, estas actuacións xa se están realizando na actualidade, sendo a pretensión da lei buscar maiores sinerxías entre elas e o seu aliñamento cos obxectivos de impulso demográfico, pero en todo caso non suporán custos adicionais.

O capítulo sexto regula o marco necesario para o desenvolvemento equilibrado do territorio e o asentamento da poboación no medio rural e costeiro non urbano, impulsando a dotación de servizos e a diversificación das actividades económicas. Neste senso, prevese que toda a cidadanía teña accesibles os servizos básicos de carácter educativo, sanitario, social e cultural con independencia do seu lugar de residencia, o impulso da investigación e a implantación de novas fórmulas de prestación de servizos á cidadanía amparadas nas tecnoloxías da información. Igualmente recóllense previsións dirixidas a facilitar a mobilidade e a extensión das

redes de telecomunicacións a todo o territorio, a aplicar a innovación e das tecnoloxías ás actividades económicas e a avanzar na oferta dunha Formación Profesional que responda ás necesidades e potencialidades dos territorios e facilite a incorporación da mocidade ao mercado laboral en condicións adecuadas no seu ámbito xeográfico máis próximo.

Así mesmo a lei pon o acento no relevo xeracional, no acceso á terra e ás actividades marítimo-pesqueiras, no uso das novas tecnoloxías para a transformación e a comercialización dos produtos derivados das actividades económicas no rural e da pesca e da acuicultura, na dotación de solo empresarial e no fomento do turismo sustentable e inclusivo, entre outras políticas. Así mesmo, establece un tratamento diferenciado en positivo que fomente novas iniciativas e consolide a actividade económica no rural e nas áreas costeiras non urbanas, cun réxime de incentivos ao investimento ou de bonificacións impositivas autonómicas, coa finalidade de fomentar novas iniciativas empresariais neste ámbito.

Unha vez máis trátase de incorporar a perspectiva demográfica para reorientar ou buscar maiores sinerxías entre actuacións que xa se están realizando na actualidade e que, en todo caso, non suporán custos adicionais.

No capítulo sétimo abórdase a promoción do envellecemento activo e saudable, buscando a súa integración nas diferentes políticas públicas coa finalidade de asegurar o benestar durante todo o curso da vida, especialmente na vellez, e promover, á súa vez, a participación das persoas maiores na sociedade. Con esta pretensión, entre outras accións, impúlsase a aplicación das tecnoloxías neste ámbito e estimúlase a denominada economía do envellecemento, co obxecto de dar resposta ás necesidades e demandas das persoas maiores ao tempo que se aproveita a súa potencialidade, se reforzan os servizos de atención a domicilio, se pon en valor a súa experiencia e se fortalecen as relacións interxeracionais.

3.4. Disposicións adicionais

Polo que respecta ás tres disposicións adicionais, establécese na primeira delas o mandato dun incremento mínimo do investimento nas políticas de familia do 50% sobre o aumento porcentual do gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma no prazo de 5 anos dende a entrada en vigor da lei. A dita previsión supón un incremento mínimo de 12.361.830 € para todo o período coa seguinte desagregación:

Ano 2020	Ano 2021	Ano 2022	Ano 2023	Ano 2024	Total
2.390.917,41€	2.430.965,28 €	2.471.683,95 €	2.513.084,65€	2.555.178,82€	12.361.830 €

A segunda e a terceira prevén respectivamente a elaboración dunha estratexia conxunta das Administracións públicas de Galicia para a ordenación e coordinación das políticas en materia demográfica e mais dun plan de apoio ás familias monoparentais. Estas dúas disposicións non comportan custos económicos adicionais.

3.5. Disposicións derradeiras

A disposición derradeira primeira modifica o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia para flexibilizar os requisitos de titulación do persoal de apoio das escolas infantís nas franxas horarias de inicio e final da xornada sempre que se atenda un máximo de cinco nenos e nenas.

A disposición derradeira segunda, de modificación da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á realidade social actual destas familias, introduce o mandato de creación dun Rexistro de Familias Monoparentais e recoñece dúas novas tipoloxías de familias de especial consideración, as familias en situación de especial vulnerabilidade económica e as familias vítimas de violencia de xénero, coa finalidade de que accedan ao trato preferente previsto para este grupo na dita lei.

A disposición derradeira terceira modifica a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público, coa finalidade de aliñar a contratación pública aos obxectivos de impulso demográfico establecidos nesta lei.

A disposición derradeira cuarta, introduce no texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, un novo dereito para as empresas que obteñan a Marca Galega de Excelencia en Igualdade ou equivalente, recoñecéndolles a máxima puntuación polas políticas empresariais en materia de conciliación que esta lei incentiva a través da contratación do sector público autonómico.

Ningunha delas comporta custos económicos nin, polo tanto, incremento do gasto público.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 54 54 00

galicia

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2019

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

María Amparo González Méndez

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 54 54 00

galicia

INFORME SOBRE AS ALEGACIÓNS RECIBIDAS NO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA AO ANTEPROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA

No mes de xullo de 2019 someteuse a información pública, conforme ao previsto no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o Anteproxecto de Lei de Impulso Demográfico de Galicia.

Neste informe analízase o obxecto principal das 336 alegacións e propostas recibidas no dito trámite cuxos contidos respectan o marco constitucional vixente, que foron presentadas por parte das organizacións e persoas físicas que se citan a continuación:

1. Eva Álvarez
2. María Isabel Calabria Lema
3. Eva María Ezcurra de la Iglesia
4. Eva María Vidal Querentes, presidenta da Asociación de Escuelas Infantiles Gallegas de Iniciativa Social (ASEIGAIS)
5. Araceli Tejedor Rivera
6. Luis Sánchez González, en representación da Asociación Galega de Familias Numerosas (AGAFAN)
7. Rosa Arcos Caamaño, en representación da Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR)
8. Roberto García González en representación de Unións Agrarias (UPA Galicia)
9. Marina Vázquez Álvarez, Delegada de Galicia da Asociación Madres Solteras por Elección (MSPE)
10. Diana Santiago Iglesias, en representación do equipo de Investigación do proxecto do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades RTI1218-099804-A-100: "Instrumentos xurídicos para a loita contra a despoboación" (Equipo de Investigación)
11. Gabriela Florea

Xacobeo 2021

CVE: LZeOLnfF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

12. Soraya Fernández Saavedra
13. Noela Blanco Rodríguez en representación do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (PSdeG)
14. Paula Vázquez Verao e representación do Grupo Parlamentario Mixto
15. Myriam Garabito Cociña en representación de UNICEF Comité Galicia
16. Rodrigo Borja Penín de Saa, presidente da Asociación Gallega de Escuelas Infantiles de Galicia (AGADEI)
17. María Jesús Pérez Piñeiro da área xurídica da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)
18. Miguel Ángel Fernández López en representación de VOX
19. Elena Cacabelos Suárez, representante de Gaia dos Nenos, Sociedade Cooperativa Galega
20. María Porto Corujo, en representación de Embarazadas Galicia (comunidade on line)
21. Xosé Cuns Traba en representación da Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social Galicia (EAPN)
22. Xesús Vilas Otero que, en representación da Plataforma de organizacións de infancia de Galicia, achega alegacións da Fundación Meniños e da Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT)
23. José Antonio Neira Cortés, en representación da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)
24. José Manuel Chapela Seijo, en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)
25. Aránzazu Domínguez Luna, en representación da Asociación Galega de Matronas (AGAM)

A análise e avaliación dos documentos achegados fíxose de forma conxunta coa participación de todos os departamentos directamente implicados, os cales realizaron á

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

súa vez revisións da norma co obxectivo principal de clarificar e concretar o texto e incorporar nel todas aquelas achegas cualificables como de mellora, en aras ao seu enriquecemento e coa finalidade de conseguir un proxecto normativo amplamente integrador.

Cómpre indicar que, por mor dos cambios introducidos como consecuencia dos trámites previstos no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o texto da norma que acompaña a este informe altera a numeración de varios artigos respecto do que se publicou inicialmente, facendo referencia este informe á nova numeración. Así mesmo, nos casos nos que do contido dunha alegación se deduciu claramente que facía referencia errónea a un artigo, considerouse o artigo correcto seguindo a nova numeración mencionada.

ANÁLISE E AVALIACIÓN DAS ALEGACIÓNS

Recóllese a continuación o obxecto principal das 336 alegacións e propostas recibidas agrupándoas por categorías segundo o seu carácter e indicando as persoas físicas ou xurídicas que as presentaron. Todas aquelas que expoñen cuestións substancialmente iguais teñen unha resposta común na que se fai constar a súa aceptación ou rexeitamento e os motivos desta decisión. Sen prexuízo do anterior, detállanse nun apartado específico aquelas alegacións que fan referencia directa a artigos concretos do texto do anteproxecto.

1. Alegacións que propoñen a inclusión de dereitos, principios e obrigas xa recoñecidos legalmente

Forman parte deste grupo as alegacións presentadas por COGAMI para que se insira na exposición de motivos, en 69 artigos e en 3 disposicións da lei, en consecuencia con carácter transversal ao longo do corpo dispositivo da norma, a garantía de non discriminación por motivos de discapacidade e/ou calquera outra circunstancia persoal e

CVE: LZeOILnlF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

social e a referencia expresa á obriga da aplicación do principio de igualdade de oportunidades e de accesibilidade universal.

O mesmo carácter teñen as presentadas por FADEMUR e UPA Galicia relativas á mención da incorporación da perspectiva de xénero ou da referencia ao principio de igualdade de xénero, e polo PSdeG respecto de que a igualdade de dereitos de homes e mulleres e a eliminación de todo tipo de discriminación que dificulte a equiparación salarial ou a progresión na carreira das mulleres sexa un punto destacado da axenda do diálogo social e da negociación colectiva e respecto do establecemento na propia administración, organismos autónomos e empresas públicas da obriga legal de existencia de plans de igualdade e de plans de conciliación.

A explicitación destes principios e obrigas nos termos propostos non se considera precisa porque, ademais de seren de obrigado cumprimento por aplicación do marco normativo vixente (entre outras, a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia e o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade), a igualdade e o respecto á diversidade xa están expresamente recollidas como principio reitor desta lei.

Como excepción, aténdese a petición de COGAMI e faise explícito o principio de accesibilidade universal nos artigos 37, 39 e 40, por tratarse de espazos afectados por primeira vez por unha regulación legal, dándoselle o tratamento que se recolle no apartado 8 deste informe.

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. **Alegacións que propoñen a regulación de materias ou ámbitos para os que a Administración autonómica non ten competencia.**

Recóllense nesta epígrafe as propostas que non poden atenderse porque se refiren a competencias normativamente atribuídas a outros niveis de Administración. Teñen este carácter as presentadas por Eva Álvarez en relación co establecemento de permisos retribuídos para a atención de fillos/as hospitalizados; por María Isabel Calabria respecto do establecemento de horarios laborais continuos, da mellora das condicións das persoas traballadoras autónomas e da ampliación da baixa por maternidade; as presentadas por FADEMUR, en canto á elaboración dun Estatuto de Mulleres Agricultoras e á promoción do recoñecemento profesional das coidadoras informais das persoas dependentes; por Soraya Fernández e AGAM respecto da ampliación dos permisos por maternidade; por VOX en relación coa validación das titulacións académicas obtidas no estranxeiro; por Gaia dos Nenos, respecto da ampliación da baixa por maternidade; polo PSdeG respecto do establecemento da obriga legal dun límite máximo de temporalidade na Administración autonómica, do impulso do transporte ferroviario de proximidade e da garantía de conectividade de banda larga en todo o territorio con cobertura de preto do 100 % da poboación e polo Grupo Mixto respecto de maiores permisos de maternidade e paternidade.

Sen prexuízo de que non se incorporen ao texto da norma pola razón anteriormente exposta, a Administración autonómica trasladará polas canles legalmente establecidas o contido daquelas propostas que se consideran aliñadas cos obxectivos do anteproxecto de lei ás administracións competentes, principalmente á Administración central e as impulsará nos espazos que corresponda.

3. **Alegacións que propoñen cambios de enfoque**

Encádranse neste apartado diferentes alegacións que, de forma xenérica, se refiren a materias e aspectos incluídos na norma respecto dos que realizan valoracións e

CVE: LZeQILnlF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

propostas que achegan redaccións alternativas que supoñen un cambio conceptual no xeito de abordar unha materia específica.

As alegacións que se agrupan nesta epígrafe foron presentadas por Eva Álvarez, Soraya Fernández, AGAM, Equipo de investigación, PSdeG, VOX, Embarazadas Galicia e AGAT cos seguintes contidos: desenvolver unha política de conciliación real favorecendo que sexan os propios pais e nais os que asuman o coidado dos fillos e fillas, especialmente cando teñen que quedar na casa por un proceso patolóxico; cambiar a definición do concepto medio rural e costeiro non urbano; atribuír funcións á Comisión para o Impulso Demográfico que non corresponden á súa natureza de órgano de colaboración e cooperación das Administracións públicas de Galicia; así mesmo, establecer a perspectiva da familia en substitución da perspectiva de xénero como panca do desenvolvemento social e económico e asentarse sobre a cultura da vida, fomentar a mentalidade natalista e establecer incentivos directos á natalidade, poñer en valor a maternidade e paternidade como parte do desenvolvemento que coadxuva á plenitude do individuo e apoio ás familias como elemento de principal incidencia no desenvolvemento integral e pleno das persoas; incluír un eixo estratéxico dirixido á crianza e non promover coidados substitutivos baseados na conciliación laboral.

Estas alegacións non son aceptadas porque desvirtúan o marco conceptual no que se desenvolve a norma, asentada sobre o principio de igualdade entre mulleres e homes e no recoñecemento do valor das familias como elemento fundamental de organización da sociedade en todos os ámbitos, mais con vontade de favorecer a libre realización dos proxectos vitais e familiares e o necesario equilibrio entre as responsabilidades familiares e laborais no desenvolvemento das políticas de conciliación.

4. Alegacións que propoñen accións concretas ou medidas de planificación posterior

Trátase de propostas de medidas e actuacións específicos en relación con ámbitos, temas e materias abordadas polo texto do anteproxecto e que, con carácter sectorial, xa se están desenvolvendo ou se poden desenvolver ao abeiro do marco normativo

CVE: LZeQILnlF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

proposto, dado que coa entrada en vigor da lei deberá revisarse toda a actuación das administracións públicas de Galicia para verificar a incorporación da perspectiva demográfica.

Dado que o seu contido afecta a variables de carácter executivo, non se considera acaída a súa inclusión na norma porque contrarrestaría o enfoque a longo prazo co que nace, que ten vocación permanencia e estabilidade no tempo sen condicionar as diferentes opcións que a nivel executivo se poidan deseñar para dar cumprimento á finalidade de impulso demográfico que persegue.

A este respecto, cómpre sinalar que o espírito da lei é establecer os fundamentos, principios e liñas de actuación para o impulso demográfico, e se ben recolle algunhas iniciativas puntuais, responden ao interese por iniciar este camiño con algunha acción concreta de apoio ás familias, de mellora da conciliación ou de compromiso co equilibrio territorial e coa atracción de nova poboación.

Teñen tal carácter as presentadas por Eva María Ezcurra, Araceli Tejedor, AGAFAN, FADEMUR e UPA Galicia, MSPE, PSdeG, UNICEF, COGAMI, VOX, Gaia dos Nenos, Embarazadas Galicia, EAPN, AGAT e AGAM respecto da posibilidade de elección de centro de traballo dentro dunha poboación para o persoal das administracións públicas con fillos e fillas en idade escolar e da organización de campamentos de verán no mes de agosto, sobre todo para familias monoparentais; do apoio ás persoas que son novas residentes en Galicia na cobertura de trámites legais e na procura de vivenda e outros recursos e a elaboración de guías de recursos sociais e educativos para as familias que se instalen por primeira vez en Galicia; respecto de que os procesos de adopción civil non teñan custo, da promoción de colonias ou campamentos nos centros escolares en períodos vacacionais con programas de inmersión lingüística, do incremento das deducións fiscais por nacemento ou adopción e para as familias numerosas, de aplicación dunha dedución da cota autonómica do IRPF por contratacións no fogar vinculadas ao coidado e de adaptación do tramo autonómico deste imposto ás necesidades demográficas de Galicia; do desenvolvemento do potencial do medio rural

CVE: LZeQtLnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

galego como modelo residencial de envellecemento activo e saudable, do establecemento de medidas de estímulo para o retorno de emigrantes e atracción de persoas mozas ao rural, da promoción da agricultura ecolóxica, da economía circular de produción e do consumo de proximidade, do establecemento de axudas específicas á poboación rural para a conservación do hábitat, así como as relativas á posta en marcha de plans nos seguintes ámbitos: protección e promoción de produtos endóxenos, conservación patrimonial e dinamización de actividades turísticas no mundo rural, de apoio ao emprendemento das mulleres no medio rural e costeiro non urbano e dun plan de igualdade, conciliación e corresponsabilidade específico para o medio rural e costeiro non urbano, do establecemento de beneficios fiscais no rural e de transferencias fiscais aos municipios rurais en concepto de canon polas súas funcións ambientais e sociocomunitarias, do impulso de políticas de recuperación das terras agrarias abandonadas, do incremento dos pagamentos ambientais e por servizos ecosistémicos, da elaboración de plans de usos do solo e acceso ao solo agrario e de formación regrada e non regrada vencellada a actividades agroforestais e turísticas e mais da elaboración dun mapa e calendario de coberturas médicas; da especificación no desenvolvemento regulamentario da renda familiar estandarizada das familias monoparentais en orixe; tamén as que solicitan a elaboración dun plan específico para o retorno e para a poboación inmigrante, dun programa para a planificación da maternidade, tratamentos de reprodución asistida, a elaboración dunha Estratexia de conciliación, a adaptación de rutas e horarios do transporte público e o establecemento de canles de coordinación, cooperación e participación coa Comisionada do Goberno fronte ao Reto Demográfico, a revisión dos beneficios fiscais existentes nos impostos autonómicos, o establecemento dunha Renda Mínima compatible co salario, o reforzo dos recursos da autoridade laboral para o cumprimento efectivo do principio de igualdade, o fomento da Responsabilidade Social Empresarial, a elaboración dun mapa de servizos básicos e establecemento dos requisitos que garantan a homoxeneidade na súa prestación, o establecemento de requirimentos homoxéneos en todo o territorio para a prestación de servizos e da axuda

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

no fogar, a revisión das áreas sanitarias e o establecemento por lei dun catálogo mínimo de prestacións sanitarias nos hospitais comarcais, a garantía do estrito cumprimento das medidas acordadas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, plans en materia de vivenda para a emancipación xuvenil, para as persoas con menos recursos económicos e no medio rural e costeiro non urbano e plans de impulso á diversidade, así como a concreción da renda familiar estandarizada, a dotación de servizos pediátricos e médicos en todos os centros de saúde durante todo o ano, un sistema gradual de gratuidade das matrículas universitarias no primeiro curso e a determinación dos criterios obxectivos do Fondo específico destinado ao equilibrio demográfico territorial que prevé o anteproxecto; así mesmo, as propostas relativas ao establecemento de incentivos fiscais para as empresas que promovan a conciliación e detalle das medidas ás que fan referencia os artigos 43, 45, 46, 63 e 74 do anteproxecto; á proposta de contidos en relación co plan de apoio ás familias monoparentais previsto na disposición adicional terceira e ao fomento da segunda oportunidade por renovación da actividade económica ou profesional; ao desenvolvemento da Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada e á concesión dun cheque mensual para o coidado e educación de nenos e nenas ata tres anos e de préstamos sen intereses para compra ou rehabilitación da vivenda familiar por razón de nacemento ou adopción; respecto de subvencionar as contratacións por substitución nos supostos de enfermidade de fillos ou fillas; ás relativas á aplicación da Lei de autonomía do paciente, da Estratexia de atención ao parto normal, á atención primaria durante o embarazo e postparto, ás consultas de lactación e á revisión das propostas pedagóxicas das escolas infantís; á revisión e modificación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social de Galicia; as que se refiren á xeneralización das prácticas de coidados perinatais, á transversalidade e universalización dos programas comunitarios de visita postnatal e parentalidade positiva dende o embarazo ata os 2 anos de idade, á promoción de recursos de atención continuada á infancia 0-3 a domicilio, á inclusión da transcendencia e claves da crianza no currículo do bacharelato e

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

á cobertura sanitaria universal e impulso das políticas de prevención primaria, á cobertura universal da consulta de pediatría de atención primaria, á formación en desenvolvemento infantil e detección e diagnóstico precoz dos problemas evolutivos, ao desenvolvemento dun programa integral de apoio ás familias con menores en situacións vulnerables, ao fortalecemento do acompañamento familiar nos programas de adopción e acollemento e á reforma, actualización e coordinación dos servizos que actúan no marco da primeira infancia así como as relativas á promoción de hábitos saudables para unha alimentación equilibrada en todas as etapas da vida e á valoración dos proxectos pedagóxicos das escolas infantís.

5. Alegacións que conteñen propostas xa recollidas na norma

Trátase de propostas que se refiren a actuacións, materias e aspectos que xa son abordados pola norma ou principios que a rexen, polo que non dan lugar á modificación do texto.

Forman parte deste grupo as alegacións presentadas por FADEMUR dirixidas a garantir que os créditos sexan en condicións máis vantaxosas para as persoas traballadoras autónomas e a contemplar a posibilidade de que as entidades públicas sexan avalistas, a considerar especificamente as familias monoparentais, a incluír o impulso de medidas de conciliación e de emprego con enfoque de xénero no rural e a prever axudas ás familias para a atención de necesidades puntuais de coidado das persoas maiores; tamén as presentadas por MSPE respecto da inclusión dunha referencia ás familias monoparentais en orixe na exposición de motivos da lei e por Gabriela Florea respecto de impulsar a implicación empresarial no exercicio dos dereitos de conciliación, así como por AGAM, que solicita a adecuación dos horarios de nais e pais aos dos seus fillos e fillas e a flexibilidade e o incremento das modalidades de axuda para o coidado e poñer o enfoque na crianza apoiándoa dende as institucións e por UNICEF, cando solicita fomentar a distribución e repartición dos coidados, a racionalización dos horarios, a redución de horas extras e a flexibilidade na organización dos tempos de traballo.

CVE: LZe0lLnlF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Así mesmo, teñen este carácter as presentadas polo PSdeG respecto da inclusión da captación de investimentos no capítulo sobre inmigración e retorno, da garantía de dereitos para todo tipo de familias, da consideración específica das familias monoparentais e das políticas activas de emprego centradas na estabilidade laboral; respecto da esixencia de infraestruturas públicas para a atención e coidados de nenos e nenas e de persoas maiores; do establecemento de mecanismos de garantía de accesibilidade dos servizos básicos nos territorios en risco de despoboamento e da gratuidade no transporte público para os mozos e mozas menores de 19 anos. Tamén as presentadas polo Grupo Mixto respecto da non especificación como debilidade de algo que si se identificara por consenso no Observatorio Demográfico: "Retraso na emancipación residencial e na autonomía persoal, e retraso do calendario nupcial e fecundo, por dificultades de acceso ao mercado laboral e á vivenda en condicións dignas, da non atención específica á realidade das familias monomarentais e falta de políticas esenciais como son vivenda e políticas activas de emprego; por Gaia dos Nenos respecto da flexibilidade e incremento das axudas para o coidado, da adecuación dos horarios laborais ás necesidades da crianza dos fillos e fillas e da práctica efectiva do teletraballo, pola Fundación Meniños respecto de incluír na lei medidas que potencien a equidade e contribúan a loitar contra a transmisión interxeracional de factores de vulnerabilidade, nomeadamente a pobreza e de promover o acceso de pais e nais ao emprego e por AGAT respecto da promoción de casas niño na contorna rural e de poñer en valor a primeira infancia, o doméstico e os coidados.

Finalmente, inclúese neste apartado a alegación presentada polo Equipo de Investigación respecto de cambiar as denominacións "perspectiva demográfica" e "impacto demográfico" e incluír nelas unha referencia expresa ao equilibrio territorial, que non se acepta dado que a finalidade da incorporación desta perspectiva e da análise do impacto demográfico son acadar o impulso demográfico de Galicia nos termos definidos no artigo 3, no que xa se integra expresamente o equilibrio territorial.

CVE: LZaOILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

6. Alegacións que propoñen precisións terminolóxicas ou do alcance do contido

Inclúense dentro desta categoría alegacións referidas a aspectos do contido xa regulado na norma pero que nuns casos fan precisións que serven para clarexar o exposto e noutras propoñen ampliacións do alcance expresado no texto inicial. Analizadas todas elas considérase acaído telas en conta, dado que están en liña cos principios e obxectivos marcados e non exceden o ámbito do lexislado, facendo, non obstante, as adaptacións debidas no texto para que non se produza ningunha afectación negativa sobre a homoxeneidade e coherencia da norma e dentro do necesario respecto aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira legalmente establecidos.

Teñen este carácter as alegacións realizadas por FADEMUR, UPA Galicia, MSPE, Equipo de investigación, PSdeG, Grupo Mixto, Gabriela Florea, AGADEI, COGAMI, VOX, EAPN, Fundación Meniños, AGAT e FEGAMP cos seguintes contidos: inclusión da recuperación de vivendas baleiras no medio rural e costeiro non urbano; apoio ás familias monoparentais con bonificacións en impostos locais; unificación terminolóxica respecto do uso das expresións "cohesión territorial" e "equilibrio territorial" e opción por esta última, substitución da expresión "entidades de acción social" e coordinación das políticas de impulso demográfico coas de ordenación do territorio; posta en marcha de escolas infantís nos centros de traballo da Administración autonómica, creación dun Fondo de Cohesión Demográfica con destino ás administracións locais e establecemento de procedementos de participación e control parlamentario; avance na universalización do ensino de 0-3 anos; mellora da redacción da disposición derradeira primeira sobre ratios e requisitos específicos de persoal das escolas infantís 0-3; esixencia do requisito de accesibilidade universal para a obtención do selo, e nos espazos dos edificios de uso público e nos itinerarios das prazas de aparcamento regulados no capítulo segundo; apoio ao nacemento dun fillo máis; especial atención das familias con nenos e nenas en situación de vulnerabilidade e inclusión de novos artigos sobre a implicación do Terceiro Sector de Acción Social e sobre organizacións non lucrativas de iniciativa social e para a

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

loita contra a soidade das persoas maiores, promoción específica do acollemento de persoas inmigrantes no medio rural, ubicación do artigo 67 na Sección terceira, promoción do consumo do produto de proximidade nos servizos de restauración da Administración pública; universalización e gratuidade da educación infantil; alcance universal e suficiente dos servizos comunitarios da Rede galega de atención temperá; consideración da capacidade económica de cada concello nas políticas de impulso demográfico e inclusión da posibilidade de creación de grupos de traballo no seo da Comisión de Impulso Demográfico.

Todas as alegacións anteriormente mencionadas dan lugar á modificación do texto do anteproxecto, ben variando a redacción inicial dun artigo concreto, ben engadindo un novo artigo ao corpo da norma.

7. Alegacións que propoñen a modificación de artigos e disposicións concretas

Recóllese neste apartado a análise das alegacións que fan referencia directa a un artigo ou disposición do texto do anteproxecto de lei, agrupándoas segundo o seu contido con independencia da persoa ou entidade que as realizara e motivando a conveniencia da súa aceptación ou rexeitamento.

- *Disposicións xerais (artigos 1 a 6)*

Presentan alegacións a esta parte dispositiva as entidades COGAMI, EAPN e UNICEF para a inclusión das novas definicións, obxectivos, principios reitores e principios de actuación e específicos en materia de familia que se sinalan a continuación atendendo á clasificación dada polas propias entidades alegantes:

Novas definicións: atención integral, poboación con discapacidade.

Novos obxectivos: crear contornas favorables para o asentamento inclusivo, acadar un desenvolvemento saudable e autónomo, impulsar o desenvolvemento dunha sociedade inclusiva, garantir a libre realización de proxectos vitais, recoñecemento e protección da

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

maternidade, promover o envellecemento activo e saudable, promover a solidariedade social, mellorar o benestar e calidade de vida das familias e a protección das persoas que as compoñen, promover a solidariedade interxeneracional, potenciar a solidariedade social coas familias vulnerables, loitar contra as desigualdades sociais entre as familias, asegurar a perspectiva feminista, interseccional e de discapacidade, loitar contra o despoboamento, impulsar e garantir a pertenza á cidadanía galega das persoas inmigrantes, asentar actividade económica e oportunidade de desenvolvemento persoal e profesional que xere recursos, conseguir que as comarcas sexan os puntos de referencia do impulso demográfico, garantir os servizos públicos básicos en todo o territorio e facilitar o retorno e a atracción de nova poboación.

Principios reitores: modificar a definición dos principios de igualdade e respecto á diversidade, de desenvolvemento económico intelixente e sustentable e de equilibrio territorial e incluír como novos os seguintes: igualdade e eliminación de calquera discriminación, recoñecemento da pluralidade e diversidade de formas familiares, recoñecemento e especial protección á poboación que se atope en situación de discriminación múltiple e/ou de especial vulnerabilidade, de igualdade de oportunidades, de igualdade de xénero, de benestar social e de empatía institucional.

Novos principios de actuación: comprensión da diversidade da poboación e igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal e participación infantil e adolescente.

Novos principios específicos en materia de familia: accesibilidade, equidade e benestar.

Non se admite ningunha destas alegacións, salvo incluír unha referencia expresa ás familias no principio de equidade, nuns casos porque xa están recollidas no texto do anteproxecto con distinta redacción e noutros porque non se corresponden coa natureza nin cos contidos propios desta norma e xa están recollidas noutras normas legais, autonómicas, estatais e comunitarias que son de aplicación transversal.

CVE: LZeOILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- *Artigo 8 Análise do impacto demográfico*

A entidade EAPN solicita a eliminación deste artigo por eficacia e eficiencia e redución da burocracia. Non se acepta posto que avaliar o impacto demográfico das normas e dos documentos de planificación é fundamental para levar a cabo a acción adecuada de impulso e impedir os efectos negativos que se puideran xerar. En todo caso, esta análise non colide coa simplificación administrativa nin xera carga para a cidadanía.

- *Artigo 9 informe periódico e indicadores en materia demográfica*

Presentan alegacións a este artigo as entidades COGAMI e EAPN co seguinte contido: inclusión dun apartado que atribúa novas funcións ao Observatorio Galego de Dinamización Demográfica e precisar o contido dos indicadores de competitividade territorial previsto na norma.

Non se realiza ningunha modificación por mor do alegado respecto das funcións do Observatorio, ao considerar que as propostas ou ben xa están recollidas na norma de creación ou ben non se corresponden co carácter deste órgano, establecendo por outra parte esta norma órganos e instrumentos para a ordenación e coordinación das políticas das Administracións públicas. Respecto da precisión do contido dos indicadores, tamén se desbota porque a determinación das variables que o compoñerán esixe unha elaboración que corresponde a unha fase posterior de desenvolvemento normativo.

- *Artigo 12 Apoio ás administracións locais*

A este artigo achegan alegacións as entidades COGAMI e FEGAMP co seguinte contido: engadir un novo apartado para establecer a obriga de elaboración por parte das entidades locais dunha planificación propia, subordinada á planificación xeral, con criterios de proximidade e máxima descentralización e investir en melloras destinadas ás comunicacións, estradas e servizos públicos básicos; respecto do apartado dous, especificar a participación de cada entidade de acordo coa súa capacidade e cambiar a denominación do fondo.

CVE: LZeOILnlF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Este artigo establece o apoio que a administración autonómica ofrecerá ás administracións locais implicadas na abordaxe do reto demográfico, elevándoo así a unha categoría que lle atribúe a seguridade xurídica necesaria, sen embargo esta lei non é o instrumento para ordenar a súa organización e planificación. Porén, acéptase a proposta da FEGAMP e inclúese no texto a consideración do esforzo económico en función da capacidade económica de cada concello, a fin de que o desenvolvemento destas políticas conte coa participación de todos e de cada un na medida das súas posibilidades. Tamén se identifica o fondo específico destinado ao equilibrio territorial, acollendo a alegación correspondente.

- *Artigo 13 Colaboración co sector privado*

A este artigo achegan alegacións as entidades ASEIGAIS, FADEMUR, UPA Galicia e COGAMI cos seguintes contidos: incluír referencia expresa ás entidades de iniciativa social; garantir créditos vantaxosos para as persoas traballadoras autónomas e a posibilidade de avalar desde as entidades públicas; apoiar a creación de emprego e a conciliación, enumerando diversos tipos de centros e iniciativas; dar amparo ás iniciativas privadas sen ánimo de lucro, apostar polo investimento para mellora da accesibilidade universal, establecer criterios de ubicación, emprego feminino e grupos sociais vulnerables e tipo de actividade no apoio á creación de emprego de iniciativa privada, establecer canles de participación e colaboración coas asociacións e a iniciativa privada, mellorar a rede viaria e establecer un transporte público mancomunado, apoiar a exportación e internacionalización de empresas e produtos, apoiar proxectos solidarios que impliquen á poboación de municipios pequenos, apoiar a conservación do patrimonio natural e arquitectónico, as alternativas de diversificación económica, a I+D+i, a produción de alimentos de calidade e a gastronomía das zonas despoboadas e a creación de multiservizos para comercio aberto, así como garantir transporte público accesible e adaptado á demanda no rural.

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Á vista das alegacións que amosan a necesidade de reflectir na norma a consideración das entidades de natureza social de xeito específico, considérase adecuado engadir un artigo no que de forma separada se recolla a participación do terceiro sector social, atendendo así esta demanda.

O resto das alegacións non se aceptan, porque non é este artigo nin esta norma o documento adecuado.

- *Artigo 16 Contratación*

A este artigo achegan alegacións as entidades FADEMUR, UPA GALICIA, Equipo de Investigación, COGAMI, EAPN, CEG, FEGAMP co seguinte contido:

Articular fórmulas para garantir condicións de igualdade na concorrencia das pequenas e medianas empresas, así como das empresas de economía social e que a menor oferta económica non decante de xeito xeneralizado a adxudicación; eliminar a obriga por lei de incorporación con carácter xeral de criterios sociais e medioambientais na contratación pública porque é incompatible co artigo 1.3 da Lei de contratos do sector público; garantir a contratación pública socialmente responsable así como adoptar as medidas dirixidas a garantir a reserva de contratos a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, adoptar criterios de responsabilidade social na xestión do gasto público e promover a súa aplicación no conxunto de administracións públicas de Galicia; garantir que os órganos de contratación velen, en todas as fases dos contratos de servizos do anexo IV e dos contratos de servizos de carácter social, sanitario ou educativo, pola necesidade de garantir a calidade, a continuidade, a accesibilidade, a asequibilidade, a dispoñibilidade e a exhaustividade dos servizos, polas necesidades específicas das distintas categorías de usuarios, incluídos os grupos desfavorecidos e vulnerables, pola implicación dos usuarios dos servizos e pola innovación na prestación do servizo; facilitar o acceso á contratación pública das ONG de iniciativa social e ao establecer os criterios de adxudicación dos contratos; non establecer por lei obrigas ou criterios con carácter xeral para todos os contratos e

CVE: LZeOILnlF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

realizar as modificacións en materia de contratación pública a través da Comisión de Cláusulas Sociais da Mesa 2 do Diálogo Social; non restrinxir as características específicas de tipo social e ambiental ás previstas no artigo porque limitan as da LCSP e lle restan posibilidades ao órgano de contratación á hora de incorporar criterios axeitados e limitar as previsións do artigo ao sector público autonómico.

En canto á proposta de articular fórmulas para garantir condicións de igualdade na concorrencia e que o prezo non sexa o criterio predominante, son temas tratados e perfectamente significados na LCSP pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE.

Respecto das alegacións que refiren a incompatibilidade coa Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) por non facer referencia á relación dos criterios mencionados co obxecto do contrato cabe darlle a razón a que no texto proposto falta a expresión necesaria para recoller este concepto. Igualmente considérase axustado limitar as previsións deste artigo ao sector público autonómico. En consecuencia, modifícase o texto neste sentido.

Por outra banda, sobre o establecemento de determinadas obrigas por lei, cómpre dicir que é a opción elixida, entre outras formas normativas tamén válidas, para destacar unha política prioritaria.

Así mesmo, respecto das suxestións relativas á contratación pública socialmente responsable, á reserva de contratos a CEE de iniciativa social e á consideración de criterios de accesibilidade universal e deseño universal e á protección de determinados colectivos desfavorecidos e vulnerables nos termos propostos non se consideran necesarias posto que se pretende trasladar o xa previsto na LCSP, artigos 125,126 e 145.2.1º e disposicións adicionais 4ª e 18ª , sendo ademais a igualdade e o respecto á diversidade principios reitores desta lei. Tampouco se considera necesaria a matización respecto da mención expresa das ONG posto que están encadradas nas empresas de

CVE: LZeQILnlF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

economía social con capacidade para contratar segundo o Capítulo II do Título II do Libro primeiro da LCSP.

Finalmente, a Comisión de Cláusulas Sociais da Xunta de Galicia non é un órgano formalmente creado nin con competencias en materia de iniciativa lexislativa, polo que non cabe a súa participación nesta tramitación.

- *Artigo 18 Competencias do Consello da Xunta de Galicia*

EAPN solicita a inclusión dun novo apartado neste artigo que exprese que todas as medidas faciliten e axilicen a relación das persoas e administracións e reduzan a burocracia.

A redución de cargas administrativas e a simplificación dos procedementos é un obxectivo principal da Xunta de Galicia que afecta a toda a súa actuación conforme se recolle na normativa específica, nomeadamente a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, polo que xa é un principio de obrigada aplicación en todas as actuacións que dimanen da entrada en vigor desta lei non sendo preciso realizar ningunha modificación no texto para garantilo.

- *Artigo 19 Comisión para o Impulso Demográfico*

A este artigo achegan alegacións as entidades Equipo de Investigación, EAPN, FEGAMP FADEMUR e UPA Galicia solicitando o seguinte: modificación da denominación do órgano; engadir funcións para constatar o cumprimento do principio reitor de interese superior do menor e dos de solidariedade e equidade específicos en materia de familia e para identificación de medidas de redución de carga burocráticas para as persoas que se deban beneficiar desta lei; establecemento dun número fixo de membros e da posibilidade de creación de grupos de traballo; inclusión na súa composición das organizacións sectoriais (agro e mar), de nais e pais e de mulleres.

CVE: LZeQLnjF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Respecto destas alegacións indícase que a Comisión para o Impulso Demográfico é un órgano de colaboración e cooperación das Administracións públicas de Galicia; así mesmo, non cabe ampliar a súa composición pola súa natureza, e, por outra parte, debe manterse a variable de membros por razóns competenciais. Sen prexuízo do anterior, a regulación proposta non é obstáculo, como non pode ser doutro xeito, á garantía da autonomía de cada organización para a designación das persoas que as representen.

Recóllese a proposta de establecer a posibilidade de creación de grupos de traballo para cuestións específicas e especializadas en consideración á mellora da eficacia das funcións do órgano.

- *Artigo 20 Comisión técnica para o Impulso Demográfico*

A este artigo achegan alegacións as entidades FADEMUR, UPA Galicia e EAPN, nas que se propón dar entrada na comisión ás organizacións sectoriais (agro e mar), ás organizacións de nais e pais e ás organizacións de mulleres; a fusión dos artigos 18 e 19 e engadir dúas novas funcións: constatar o avance do cumprimento dos principios reitores de interese superior do menor e identificar as medidas de redución de carga burocrática para as persoas que se deban beneficiar da presente lei.

Estas alegacións non poden terse en conta posto que a configuración da comisión como un órgano técnico da Administración autonómica limita a súa composición á xa recollida no texto da norma e lle confire un carácter non asimilable ao do órgano creado no artigo 18, motivo polo que teñen tratamento diferenciado nesta lei. Do mesmo xeito, cómpre indicar que as funcións alegadas non corresponden á súa natureza. Por outra parte, esta norma afecta, e por tanto beneficia, a toda a poboación e as medidas de redución de cargas administrativas teñen as súas propias ferramentas de control, autonómico e tamén estatal.

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- *Artigo 21 Observatorio Galego de Dinamización Demográfica*

A este artigo achegan alegacións as entidades FADEMUR e UPA Galicia solicitando que se estableza a entrada neste órgano das organizacións sectoriais (agro e mar), das organizacións de nais e pais e das organizacións de mulleres.

O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica está configurado nas súas propias normas de creación e funcionamento e conta cunha estrutura e representación definidas e vinculadas ás funcións que ten encomendadas. Por outra banda, os grupos que esta alegación solicita que se integren xa contan con canles de colaboración, comunicación e participación adecuadas cos órganos que teñen representación no Observatorio.

- *Artigo 23 Sensibilización social en materia demográfica*

A este artigo achega unha alegación EAPN solicitando que se inclúa a información periódica sobre o número de persoas en risco de pobreza ou exclusión, en especial daquelas máis directamente protexidas por esta lei.

Aínda que esta información é de relevancia para as actuacións de impulso demográficos que se leven a cabo, non se refire a un indicador demográfico básico polo que recoller a suxestión na norma obrigaría a ter en consideración un número indeterminado de indicadores que desvirtuarían a finalidade de sensibilización que a norma atribúe á publicación do saldo vexetativo.

- *Artigo 27 Políticas activas de emprego*

A este artigo achegan alegacións as entidades UNICEF, COGAMI e EAPN co seguinte contido: incluír que se garanta a formación accesible para aquelas persoas con nenos/as e persoas a cargo; que se priorice a persoas con discapacidade e resto de grupos en situación de vulnerabilidade, que se garanta o principio de igualdade de oportunidades, que se incorporen medidas de apoio ao emprego no sector estratéxico da zona, sistemas áxiles de intermediación e a colaboración con entidades de iniciativa social, que se

CVE: LZ6QILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

facilite a flexibilización e menor burocratización con énfase na intermediación laboral e que se leve a cabo unha simplificación lexislativa e maior oferta de formación profesional.

Considérase positivo facer referencia expresa ao acompañamento da oferta formativa de instrumentos facilitadores do acceso a ela dos grupos máis vulnerables, nomeadamente das persoas que teñen persoas ao seu cargo e revísase a redacción orixinaria do artigo neste sentido. Non obstante, non se realizan máis precisións na oferta de formación profesional pois a formulación, e no seu caso ampliación, require do concurso de múltiples factores e variables para o que esta lei non é marco axeitado.

- *Artigo 28 Apoio no acceso e permanencia na vivenda*

A este artigo achegan alegacións as entidades FADEMUR, UPA Galicia, COGAMI e EAPN solicitando a inclusión da promoción dun programa de recuperación de vivendas baleiras no medio rural e costeiro non urbano que facilite o asentamento da poboación en réxime de compra ou alugueiro; a atención ás persoas con discapacidade; a publicación das necesidades de vivenda e a loita contra a exclusión residencial por concello.

Acéptanse en parte incluíndo no artigo a referencia a programas de recuperación de vivendas baleiras. Non se considera pertinente introducir a atención de determinadas condicións ou circunstancias xenericamente no texto da norma pois podería vulnerar o principio de igualdade respecto doutros colectivos vulnerables e corresponde á fase de deseño de cada programa determinar cal ou cales se deben priorizar. Polo que se refire á publicación das necesidades de vivenda, xa existe o Rexistro único de demandantes de vivenda protexida na Comunidade autónoma de Galicia.

- *Artigo 29 Renda familiar estandarizada*

A este artigo achegan alegacións as entidades AGAFAN, MSPE, COGAMI e EAPN nas que solicitan a substitución da dita renda por unha renda neta per cápita; ter en conta a situación de monoparentalidade en orixe no desenvolvemento regulamentario;

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

considerar factor determinante as necesidades de apoio das persoas da unidade familiar e o custe dos servizos das necesidades básicas e excluír do cómputo as persoas con discapacidade; incluír que o sistema de determinación da renda non prexudicará ás persoas e familias beneficiarias nin suporá retrasos ou maior carga burocrática administrativa; incluír como factor de determinación da renda a dispersión territorial.

A alegación respecto do cambio por renda neta per cápita non pode aceptarse-porque se terán en conta máis factores na súa determinación. O resto de propostas son susceptibles de seren tidas en conta no posterior desenvolvemento regulamentario que a propia lei xa prevé.

- *Artigo 31 Prestacións e axudas familiares por nacemento e adopción*

A este artigo achegan alegacións as entidades AGAFAN, COGAMI e EAPN nas que solicitan establecer unha prestación por fillo a cargo menor de 18 anos ou 25 para estudantes suxeita á renda familiar; que as axudas teñan en conta ás familias con persoas con discapacidade para as que deben prever o aumento do apoio ata os 16 anos e tamén unha maior intensidade; que se supere a idade de 3 anos no caso de familias en situación de vulnerabilidade ou pobreza en ausencia doutras medidas.

Acéptase parcialmente e modifícase o artigo para establecer expresamente que as prestacións e axudas se fixarán atendendo á situación familiar e ao número de fillos e fillas e para recoller tamén que, en determinadas circunstancias e para as situacións de especial vulnerabilidade, estas se poderán manter ata un ano máis.

- *Artigo 33 Axudas ás familias máis vulnerables*

A este artigo achegan alegacións as entidades COGAMI e EAPN e propoñen establecer prioridade na cobertura das necesidades para as persoas con discapacidade e/ou situación de dependencia que se atopen en idade laboral e participando nun programa de emprego; promover o acceso de pais e nais ao emprego dándolle prioridade nos plans de emprego.

CVE: LZeOILnlF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve